

## XUNTA DE GOBERNO

### Sesión do día 4 de novembro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día catro de novembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32230.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de outubro 2022.

2.32231.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DO “CATÁLOGO DE GRUPOS MUSICAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte. 20220064997)

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión, á promoción e ao fomento da cultura galega, así como ao uso e á normalización social da lingua galega nos concellos da provincia de Pontevedra, puxo en marcha o programa “Musigal”.

Este programa ten como obxectivo favorecer a programación artística por parte dos concellos da provincia de Pontevedra a través da posta a disposición de actuacións musicais profesionais de grupos inscritos no Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra, co obxectivo de promover a distribución dos produtos culturais do noso país, para fomentar a creación de públicos e facilitar o acceso á cultura galega.

Así, a Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión, promoción e ao fomento da cultura galega, así como o uso e a normalización social da lingua galega nos concellos da provincia de Pontevedra creou, con Acordo da Xunta de Goberno número 2.31078, do 17 de decembro de 2021, o Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra, que se configura como o inventario



de grupos e artistas profesionais de música que realizan as súas actuacións ou os seus concertos en lingua galega, a partir do cal os concellos da provincia de Pontevedra poden solicitar actuacións musicais con cargo ao programa anual Musigal.

Así, co obxectivo de ampliar a información dispoñible dos grupos no catálogo accesible desde o portal web depo.gal, así como para concretar o seu ámbito subxectivo de aplicación faise necesario actualizar a disposición normativa de creación do Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra de cara ás novas convocatorias do programa, o que redundará nunha mellor visibilidade do catálogo e un mellor posicionamento web dos grupos que o inclúen.

Considerando que o catálogo, que terá unha vixencia indefinida mentres estea en vigor o programa “Musigal”, pretende ser un instrumento permanente, vivo, útil e eficaz para o coñecemento e acceso aos grupos e artistas profesionais de música da provincia de Pontevedra.

Considerando a existencia de interese público lexítimo vistos os máis de 140 grupos e artistas dados de alta no catálogo aprobado no 2021 dadas as competencias propias das deputacións provinciais de salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade.

Considerando o informe xurídico da xefatura do Servizo de Cultura e a dilixencia da Intervención Xeral do 31 de outubro de 2022.

Por todo o exposto, vistos os informes preceptivos favorables, e sendo a Xunta de Goberno, segundo o previsto na documentación obrante no expediente, o órgano competente para a aprobación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar a disposición normativa que se recolle a continuación que ten por obxecto a aprobación e regulación do Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra que se configura como o inventario de grupos e artistas profesionais de música que realizan as súas actuacións ou os seus concertos en lingua galega ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega.

#### “CATÁLOGO DE GRUPOS MUSIGAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

*A Deputación de Pontevedra, co obxecto de contribuír á difusión, promoción e ao fomento da cultura galega, así como o uso e a normalización social da lingua galega nos concellos da provincia de Pontevedra creou, con Acordo da Xunta de Goberno número 2.31078 do 17 de decembro de 2021, o Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra, que se configura como o inventario de grupos e artistas profesionais de música que realizan as súas actuacións ou os seus concertos en lingua galega, a partir do cal os concellos da provincia de Pontevedra poden solicitar actuacións musicais con cargo ao programa anual Musigal.*



*Así, o Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra, configúrase como o inventario de grupos e artistas profesionais de música que realizan as súas actuacións ou os seus concertos en lingua galega ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega.*

*O catálogo, que terá unha vixencia indefinida mentres estea en vigor o programa “Musigal”, pretende ser un instrumento permanente, vivo, útil e eficaz para o coñecemento e acceso aos grupos e artistas profesionais de música da provincia de Pontevedra. Nel recollerase información detallada sobre cada un dos grupos ou artistas.*

*Así, con este novo catálogo, a Deputación de Pontevedra, quere ampliar a información dispoñible dos grupos no catálogo accesible desde o portal web.depo.gal, así como para concretar o seu ámbito subxectivo de aplicación é necesario actualizar a disposición normativa de creación do Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra de cara ás novas convocatorias do programa, o que redundará nunha mellor visibilidade do catálogo e un mellor posicionamento web dos grupos que o inclúen.*

*Desde o punto de vista competencial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 69 determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.*

*Nesta liña, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.*

*Adicionalmente, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.*

*Segundo o exposto, a proposta do Servizo de Cultura, dispoño:*

*Primeira. Obxecto:*

*O obxecto desta disposición é a aprobación e regulación do Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra que se configura como o inventario de grupos e artistas profesionais de música que realizan as súas actuacións ou os seus concertos en lingua galega ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega.*

*Segunda. Creación do Catálogo de grupos musicais profesionais “Musigal”:*

*Créase o Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra, no que se poderán inscribir os grupos e artistas profesionais de música que aborden a dinamización da lingua galega nas súas composicións e interpretacións.*



O catálogo terá unha vixencia indefinida mentres estea en vigor o programa “Musigal”. Non obstante, este catálogo poderá sufrir modificacións tanto pola inscrición de novos grupos coma polas baixas dos existentes. As modificacións e as baixas de grupos do catálogo tramitaranse a petición da entidade interesada no prazo anual previsto na base oitava. Poderanse efectuar baixas de oficio ao comprobar que o grupo non existe ou incumpre os requisitos necesarios para a súa inclusión.

O catálogo estará adscrito ao Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra, que asumirá as funcións asociadas á súa xestión e, en particular, as seguintes:

- a) Informar, asesorar e orientar sobre o seu alcance.
- b) Xestionar o proceso de inscrición e a consulta das entidades rexistradas.
- c) Preparar e emitir informes de seguimento relativos ao catálogo e realizar propostas de mellora.
- d) Elaborar periodicamente estatísticas dos datos reflectidos no catálogo, que se farán públicas a través de <https://www.depo.gal>.

Non poderán formar parte deste catálogo os grupos ou artistas inscritos no Catálogo de grupos Pontegal da Deputación de Pontevedra.

Terceira. Entidades destinatarias:

Poderán solicitar a inclusión no Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra os grupos e artistas profesionais de música que teñan os seguintes requisitos:

- a) Ter o seu domicilio fiscal na provincia de Pontevedra ou que contén cunha persoa representante exclusivo para a contratación do grupo no ámbito da provincia de Pontevedra.
- b) Realizar música galega e en galego nas súas actuacións ou, no caso de ser instrumentais, que as súas pezas sexan de autoría galega.
- c) Ter un caché máximo de 15.000,00 € (IVE engadido), sen contar os custos da produción técnica, por cada actuación.
- d) Estar dados de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas (IAE).
- e) Estar ao corrente nos pagos coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Quedan excluídos aqueles grupos ou artistas que realicen espectáculos ou musicais.

Cuarta. Contido do catálogo:

O catálogo incluirá a seguinte información:

- a) Nome artístico.
- b) Persoa representante.
- c) Fotografía do grupo ou das e dos artistas.
- d) Datos de contacto.
- e) Páxina web do grupo.
- f) Breve currículo do grupo.
- g) Descrición da proposta artística.
- h) Caché con IVE.



- i) *Custo da produción técnica con IVE.*
- j) *Necesidades técnicas e de produción.*
- k) *Ligações ás principais redes sociais do grupo.*

*Quinta. Acceso aos datos do catálogo:*

*Os datos contidos no catálogo serán públicos e estarán publicados en <https://www.depo.gal>.*

*A lexitimación para o tratamento dos datos persoais aos que se puidera acceder no Catálogo baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento das persoas solicitantes.*

*Sexta. Obrigas e dereitos das entidades solicitantes:*

*As entidades incluídas no Catálogo, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, asumen as seguintes obrigas:*

- a) *Comunicar calquera modificación dos datos publicados no Catálogo e comprobar que os datos publicados están actualizados.*
- b) *Empregar unha linguaxe non sexista nas súas actuacións.*
- c) *Respectar as condicións laborais de todo o persoal artístico e técnico participante en cada actuación, segundo a normativa laboral vixente para cada colectivo.*
- d) *Manter vixente en todo momento a póliza de responsabilidade civil e demais seguros obrigatorios.*
- e) *Nas accións promocionais e nos materiais de difusión e que se realicen ao abeiro do programa Musigal deberán incluír os elementos de imaxe da Deputación de Pontevedra, establecidos nas normativas de identidade corporativa, accesibles no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da Deputación de Pontevedra sexan visibles durante a celebración das actuacións ou concertos que se realicen ao abeiro do programa Musigal.*

*Pola súa parte, os grupos e artistas incluídos no Catálogo teñen dereito a ser retribuídos polas actuacións autorizadas con cargo ao programa “Musigal”, a través do cal os concellos interesados, como organizadores dos actos, poderán solicitar os grupos do catálogo.*

*Sétima. Lugar de presentación das solicitudes de inclusión, baixa e modificación de datos no Catálogo de grupos musicais profesionais Musigal da provincia de Pontevedra*

*As solicitudes de inclusión, baixa e modificación de datos presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.*

*Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).*

*As solicitudes de inclusión realizaranse polas entidades interesadas ou por medio de representante legalmente autorizado. A representación pode acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, segundo o previsto no artigo 32 do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.*



*Oitava. Prazo de presentación de solicitudes:*

*O prazo de presentación de solicitudes de inclusión, baixa ou modificación de datos no Catálogo de grupos musicais profesionais Musigal da provincia de Pontevedra é do 15 de novembro ata o 1 de decembro de cada ano natural. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.*

*Novena. Comprobación de datos:*

*Para a tramitación das inscricións consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:*

- *NIF das entidades solicitantes.*
- *Domicilio fiscal das entidades solicitantes.*
- *NIF da persoa representante.*
- *Certificado de alta no imposto de actividades económicas (IAE).*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

*No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.*

*Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.*

*Décima. Documentación:*

*Os grupos ou artistas interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:*

- a. Memoria do espectáculo que inclúa:*
  - 1. Descrición do espectáculo, acreditando o emprego do galego como mínimo no 70 % das obras musicais que se interpretarán.*
  - 2. Repertorio musical indicando o autor ou a orixe das obras e duración do espectáculo.*
  - 3. Ficha do grupo que conteña:*
    - unha fotografía do grupo ou artistas.*
    - relación das persoas integrantes do equipo artístico e técnico.*
    - as necesidades técnicas e de produción.*
- b. Certificado de exclusividade da persoa representante da entidade para a contratación do grupo no ámbito da provincia de Pontevedra.*

*As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderalles requirir a exhibición do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.*

*No caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.*



*Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.*

*Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada que o presente ou, no seu defecto, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.*

*Décimo primeira. Notificacións:*

*As notificacións de actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

*As notificacións realizaranse a través da Carpeta Cidadana e de Dirección Electrónica Habilitada Única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, (<https://sede.depo.gal>).*

*As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.*

*O sistema remitralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.*

*Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

*Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas:*

*Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.*

*Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.*

*A Sede electrónica ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenericos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:*

*<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>*



*Décimo terceira. Instrución do procedemento e avaliación de solicitudes:*

*Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Cultura da Deputación, que actuará como instrutor do procedemento, realizará a correspondente revisión da documentación administrativa, o cumprimento dos requisitos esixidos, así como cantas actuacións que considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas as seguintes funcións:*

- Examinar as solicitudes e a documentación presentadas.*
- Requirirles ás entidades solicitantes a emenda ou a achega da documentación que sexa de obrigado cumprimento.*
- Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.*

*Décimo cuarta. Resolución do procedemento de inclusión*

*Instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación requirida, ditará, unha vez finalizado o prazo anual previsto no punto oitavo, a proposta de resolución. Esta proposta de resolución será elevada á persoa deputada delegada de Cultura para a súa aprobación.*

*A resolución farase pública no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra ([www.depo.gal](http://www.depo.gal)), de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.*

*A resolución da convocatoria poralle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.*

*Décimo quinta. Protección de datos:*

*Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.*

*A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.*

*Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público en xeral dada a publicación de actos prevista no punto noveno.*

*As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”*





3.32232.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPOAVENTURA A LANZADA 2023” (Expte.2022063054)

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cás competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

2º.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece no seu artigo 6 como uns dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 50 establece que as administracións públicas de Galicia poñerán ao dispor das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

4º.- Finalmente a disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continúen sendo exercidas por estas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios nos anos oitenta, de xeito que o que comezou sendo un programa vacacional para os nenos e nenas da Cidade Infantil Príncipe Felipe ampliouse a tódolos rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra, ofertando prazas de balde para aqueles que se atopan en risco de exclusión social e permitindo tamén a participación de todos os nenos e nenas de xeito inclusivo, superando cada ano as 4.000 solicitudes.



5º.- En base ao anterior, ponse en marcha unha nova edición do programa “Depo Aventura A Lanzada” 2023, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacación da Lanzada.

Este programa permite que, ata un máximo de 1.540 menores, empreguen o seu tempo libre no verán en participar en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo, científico e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e axuden a que coñezan outros lugares fóra da súa contorna habitual, e ao mesmo tempo posibilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.

O proxecto lúdico educativo comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, medioambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces. Todas as actividades prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas, científicas e lingua inglesa.

Do mesmo xeito, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade dispórase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.

A Deputación, adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar que todos e todas participen en igualdade de condicións, nas actividades recreativas, de lecer e de tempo libre, segundo o artigo 49 de Constitución, artigo 30 da Convención Internacional da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

6º. Con data 26 de outubro de 2022, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das citadas bases, deixando constancia de que as aplicacións orzamentarias propostas nas bases 23/231.3370.221.05 e 22/231.3370.227.20, considéranse correctas, non obstante, a aprobación das mesmas debe quedar condicionada á aprobación definitiva do orzamento para 2023 por tratarse dunha tramitación anticipada.

O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “DEPO AVENTURA A LANZADA” 2023, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras do Programa “DEPO AVENTURA A LANZADA” para o ano 2023.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co (CSV): X769RJFHHD2XKL5.

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>



4.32233.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DEPO EN MARCHA 2023, POLO TRÁMITE ANTICIPADO DE GASTO (Expte. 2022063047)

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.

2º.- A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define no seu artigo 2 os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. No artigo 63, relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu Capítulo III, desenrola os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade.

Recóllese de xeito expreso que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores, favorecendo a socialización, as actividades interxeneracionais e os servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias

En particular, no seu artigo 22, dispón que As Administracións Públicas fomentarán a participación das persoas maiores en actividades formativas específicas para un envellecemento activo e o coñecemento dos problemas asociados coa idade e das técnicas básicas para facerlles fronte.

4º.- Finalmente, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas, e neste sentido, o



programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios fai máis de 10 anos, nos anos oitenta participando case 200 asociacións e entidades en cada convocatoria, e permite a participación das persoas beneficiarias a través de distintos obradoiros, que teñen como finalidade favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e a socialización, así como facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubilados e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en funcionamento o programa “DEPO EN MARCHA 2023”, no marco do benestar social e das actividades de lecer e de tempo libre dirixido a entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Este programa, ten un grande arraigo na provincia, desenvolvéndose desde fai mais de 10 anos, participando case 200 asociacións e entidades en cada convocatoria, e permite a participación das persoas beneficiarias a través de distintos obradoiros, coas temáticas que se detallan no catálogo, e que teñen como finalidade favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e a socialización, así como facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubilados e pensionistas da provincia de Pontevedra.

5º.- “DEPO EN MARCHA 2023” contempla a celebración de obradoiros nas seguintes áreas temáticas:

- Aprendendo da natureza
- Móvete
- Activando corpo e mentes
- Enredando
- Dálle marcha
- En rede

6º.- Poderán participar no programa entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.
- Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.
- Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores.
- Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores.

7º.- Ofértanse un total de 130 cursos. En cada un deles poderán participar entre 20 e 25 persoas como máximo (número máximo de participantes por curso especifícase no catálogo).



Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. No caso contrario, o obradoiro non poderá realizarse.

Só se poderá conceder un obradoiro por entidade. Así mesmo, os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata completar o número de horas.

Cada Obradoiro terá un custo de sete (7,00) euros por participante, cantidade que deberá ser aboada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do programa.

8º.- Establécese unha contía consignada para este plan no ano 2023, de cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis con vinte euros (145.916,20 €), con cargo á aplicación 23/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

9º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como poder se a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

10º.- Con data 28 de outubro de 2022, Intervención informe favorable sobre a tramitación anticipada do expediente para a aprobación das citadas bases, deixando constancia que “(...) a aplicación orzamentaria proposta 22/231.2311.227.07 considérase correcta para este fin, non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a aprobación destas Bases quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario (...)”.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras do Programa “DEPOENMARCHA 2023”, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente co (CSV):VPZYKZ56VAS95YQ9.

O Catálogo de obradoiros figura asinado dixitalmente có (CSV):VY8ITTM2K6UPU1YF.

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>



5.32234.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CREACIÓN DE SENDA PEONIL 1ª FASE: MUÍÑOS DE SAMIEIRA ATA A PRAIA DE LAÑO E ROTEIRO DO LITORAL” (Expte. 2022009918)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótese de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 24/02/2022 por rexistro WEB2022009105 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de POIO na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 85.129,76 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Creación de senda peonil 1ª fase Muíños de Samieira ata praia de Laño e Roteiro do Litoral*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	85.129,76 €	85.129,76 €	-----

Revisada a documentación, e despois de atender a vario requirimentos relativos a acreditación da cesión dos terreos necesarios para a realización do investimento, sendo o derradeiro o do rexistro nº 2022024549 do día 26/10/2022, resulta finalmente, que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega toda a documentación requirida, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas, dada inicialmente o 19/05/2021, a súa renovación mediante a oportuna prórroga, que en efecto foi pedida o 22/06/22 ao vencer no decurso da instrución destas actuacións. Asemade o Concello posterga a remisión da acta de trazado previo e aprobación de proxecto á obtención e renovación de ambas autorizacións.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 06/06/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI, e VII da Lei 29/1985, de 2 de agosto, de Augas.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.





- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Artigo 6 do RD 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI, e VII da Lei 29/1985, de 2 agosto, de Augas, que dispón que as marxes dos terreos que lindan cos regos están suxeitas en toda a súa extensión lonxitudinal a unha servidume para uso público e que nela terá un paso público peonil.

#### Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga.



- Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Arquitecto do Servizo de Cooperación cos Municipios, de data 06/06/2022, e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 26/10/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B a cantidade de euros con destino ao financiamento do investimento “*CREACION DE SENDA PEONIL 1ª FASE MUIÑOS DE SAMIEIRA ATA A PRAIA DE LAÑO E ROTEIRO DO LITORAL*” (Expte. 2022009918) cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	85.129,76 €	85.129,76 €	-----
2023	-	-	
Total	85.129,76 €	85.129,76 €	

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte á anualidade 2022.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á obtención da resolución favorable de Augas de Galicia e da renovación da prórroga da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) dependente da Consellería de Infraestruturas, por realizarse parte da actuación na zona de afección destes organismo, ademais de achegar o acordo ou resolución do órgano municipal competente aprobando o proxecto que rexe a actuación e a Acta de Trazado Previo (Anexo III) debidamente asinada, unha vez que se acade a dispoñibilidade dos terreos, sendo imprescindible que se remita toda a documentación sinalada á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.32235.- AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 10.31576, DO DÍA 08/04/2022, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E REDE DE PLUVIAIS NO ENTORNO DE HERVILLAS E VINCIOS” (Expte.2022013209)

Consta no expediente o informe da xefe de servizo de cooperación, de data 24/10/2022, que literalmente se transcribe:

*“ANTECEDENTES*

*En data 08/04/2022, mediante acordo da xunta de goberno núm. 10.31576 concedense ao Concello de Gondomar, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 76.708,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Mellora da pavimentación e da rede de pluviais no entorno de Hervillás e Vincios” (expte 2022013209). A subvención financia 71.214,60 euros de execución de obra e 5.493,40 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto*



En data 03/10/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022052010, dunha instancia xenérica do Concello de Gondomar que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido e o decreto da alcaldía núm. 2022-1293, de data 03/10/2022, , que aproba o novo proxecto e solicita a súa tramitación.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade revisar os prezos contemplados no orzamento dado que o procedemento de licitación quedou deserto por non terse presentado ofertas; debendo a entidade municipal habilitar unha nova adxudicación cun proxecto acorde á realidade actual.

O novo proxecto descritivo das obras a realizar, que non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, supoñe un incremento de custe en 12.945,43 euros, con respecto á subvención outorgada pola Deputación que permanece invariable nos 76.708,00 euros, debendo a entidade municipal asumir o sobre custe.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

### Consideracións Xurídicas

#### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16<sup>a</sup> do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.



*Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.*

*Resolución do expediente:*

- *Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública. A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.*
- *Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude motivada debe presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e non debe prexudicar dereitos de terceiros.*

**CONCLUSIÓN**

*A normativa en materia de subvencións, tanto estatal, autonómica, como a ditada pola propia Deputación, reflicten como característica diferenciadora a afección da axuda pública ao cumprimento dun obxectivo, neste caso, á execución dun proxecto específico. En consecuencia o interese público perseguido coa concesión da subvención queda delimitado polo propio obxecto da finalidade subvencionable.*

*Á vista da definición de subvención que ofrecen a LXS ou a LSG, no caso de tratarse dun proxecto de obra, a descrición que este fai das actuacións contidas nel delimita a finalidade subvencionable.*

*Para a concesión da subvención co obxecto do financiamento do investimento “Mellora da pavimentación e rede pluviais no entorno de Hervillás e Vincios” (Ref. 2022013209) tívose en conta un proxecto cuxo orzamento ascendía a 76.708,00 euros (71.214,60 euros de execución de obra máis 5.493,40 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto) redactado polo arquitecto, D. Pedro González Souto que se estimou suficiente e correcto para deducir o seu carácter e adecuación á convocatoria do PLAN CONCELLOS 2022-2023, anualidade 2022.*



*Logo de que o procedemento de licitación quedase deserto por non terse presentado ofertas, o concello vese na obriga de revisar os prezos contemplados no orzamento á realidade actual a fin de poder habilitar unha nova adxudicación.*

*Visto que o novo documento técnico non altera a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin prexudica dereitos de terceiros.*

*Visto que o cambio de documento técnico propónse antes da realización do investimento obxecto de subvención.*

*Visto que o enxeñeiro xefe de Cooperación emitiu, en data 18/10/2022, informe favorable de supervisión e control do documento descritivo das actuacións a levar a cabo.*

*Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación da solicitude do concello de Gondomar, CIF:P 3602100D, a fin de que:*

- ✓ *Se acepte o cambio de documento técnico que rexerá a execución do investimento “Mellora da pavimentación e rede de pluviais no entorno de Hervillás e Vincios” (Ref.: 2022013209). Este novo documento técnico foi presentado en data 03/10/2022 por rexistro WEB2022052010.*
- ✓ *O novo documento técnico (proxecto) supón un incremento de custe de 12.945,43 con respecto da subvención outorgada pola Deputación que permanece invariable en 76.708,00 euros (71.214,60 euros de execución obra + 5493,40 de asistencia técnica á redacción do proxecto).*

*O resto do texto do acordo da xunta de goberno núm. 10.31576, de data 08/04/2022, permanece invariable.*

### RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da lei 7/21985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, e nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial a competencia para aprobar a presente modificación correspóndelle á xunta de goberno, por ser o órgano que, no seu momento, autorizou e comprometeu o gasto.*

*Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá...”*

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/10/2022, e do informe da Intervención provincial, de data 26/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico no acordo da xunta de goberno núm. 10.31576, do 08/04/2022, polo que se concedía unha subvención ao *Concello de Gondomar*, CIF P3602100D, no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E REDE DE PLUVIAIS NO ENTORNO DE HERVILLAS. VINCIOS” (Expte.:2022013209), polo proxecto técnico achegado en data 3/10/2022.



O novo proxecto, que non altera a finalidade nin o obxecto da subvención, redáctase para actualizar os prezos contemplados no proxecto inicial ao quedar o procedemento de licitación deserto.

- O importe da subvención con cargo a Deputación de Pontevedra permanece invariable en 76.708,00 euros. Non obstante, o orzamento do novo proxecto técnico ascende a 89.653,43 euros o que supón un incremento de 12.945,43 euros con respecto ao proxecto inicialmente aprobado. Este incremento será asumido polo Concello.
- Así mesmo, consonte ao recollido na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.32236.- VALIDACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO” INCLuíDO NO PLAN CONCELLOS 2020-LÍÑA 1, COMO TRÁMITE PREVIO AO RECOÑECEMENTO DA OBRIGA E ORDENAMENTO DO PAGAMENTO DA AXUDA ECONÓMICA CONCEDIDA AO ABEIRO DO DEVANDITO PLAN- CONCELLO DE CAMBADOS (Expte.2020023066)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, publicadas no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

O Pleno da Corporación Provincial, mediante acordo plenario núm. 7.7705, na súa sesión do 26/11/2021, aprobou a prórroga do Plan Concellos 2020, sendo publicada no BOPPO nº 230 de data 27/11/2021.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.17.29086, de data 26/06/2020, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2020, por importe de 143.994,32 € ao Concello de Cambados co obxecto do financiamento do investimento “RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO” (Expte.2020023066), cun orzamento polo mesmo importe.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 31.30749, de data 03/09/2021, modifícase o acordo de concesión por cambio de proxecto. O novo proxecto non modifica o orzamento inicial nin altera o obxecto nin a finalidade do mesmo.

A concesión da subvención foi publicada no BOPPO núm.151 de 07/08/2020.



En data 28/06/2022, o Concello remite o proxecto modificado das actuacións a levar a cabo. Segundo indica o Concello, o proxecto modificado redáctase e faise necesario xa que na execución da obra atopáronse situacións que non estaban previstas no proxecto e que eran imposible de detectar nunha fase inicial, ademais, indican que o sistema de drenaxe da praza tal é como estaba previsto podería ocasionar problemas no interior dos edificios polo sistema de pavimentación elixido. A tramitación do citado documento técnico non se leva a cabo ao considerarse extemporáneo.

En data 29/07/2022, dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación, con núm. WEB2022042420, instancia do Concello de Cambados que xunta as certificacións de obra relativas ao investimento “*RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO*” (Expte.:2020023066) e demais documentación xustificativa e solicita o libramento do importe da subvención concedida.

En data 19/10/2022, o enxeñeiro xefe de cooperación emite un informe no que xustifica a tramitación do modificado. Así mesmo, realizada a comprobación material do investimento arriba referido, en data 25/08/2022, conséntase que o orzamento de adxudicación certificado acumulado ascende ao 100%. A execución do investimento certificado axústase ao proxecto modificado que obra no expediente, razón pola cal o enxeñeiro xefe presta a súa conformidade á xustificación achegada.

En data 26/10/2022, o enxeñeiro xefe emite informe favorable á validación do modificado presentado e a xefa de servizo de cooperación emite un informe-proposta solicitando á intervención provincial o libramento da subvención concedida ao Concello de CAMBADOS, que importa 143.994,32 €.

En data 26/10/2022, a intervención provincial emite informe favorable á proposta da xefa do servizo de cooperación, previa validación do proxecto modificado pola Xunta de Goberno Provincial.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).





- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2020, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

##### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

##### Resolución do expediente:

- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, aillada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE EXCLUIDO.
- Artigo 242 da LCSP, que recolle o procedemento a seguir na tramitación e aprobación dun proxecto modificado.
- Base 20ª do PLAN CONCELLOS 2020 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e autorizado pola Deputación.

##### Consideracións finais:

O dereito que ten a Administración a modificar o contrato non é unha atribución legal indiscriminada de libre criterio, senón unha facultade regulada cuxa lexitimidade queda subordinada ao cumprimento dunha serie de requisitos. O primeiro esixe que aparezan circunstancias sobrevidas



non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e que razóns de interese público aconsellen introducir modificacións nos elementos que integran o contrato. O segundo dos requisitos, de natureza formal, esixe a súa aprobación polo órgano correspondente.

Segundo queda acreditado no expediente o proxecto modificado da obra “*RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO*” redáctase e faise necesario xa que na execución da obra atopáronse situacións que non estaban previstas no proxecto orixinal e que eran imposible de detectar nunha fase inicial, ademais, indican que o sistema de drenaxe da praza tal é como estaba planteado podería ocasionar problemas no interior dos edificios polo sistema de pavimentación elixido.

Xustificadas as razóns da necesidade do proxecto modificado, o *Concello de Cambados* dentro dos límites obxectivos, atendendo ás normas de competencia, formalmente e antes de rematar o prazo de execución, aprobou o proxecto modificado da obra denominada “*RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO*” e remitiuno a Deputación para a súa autorización.

Recibido o proxecto modificado no servizo de cooperación, este obviou a súa tramitación ao consideralo extemporáneo e así llo trasladou ao concello de CAMBADOS nunha comunicación, se ben o órgano competente (a Xunta de Goberno) nunca resolveu expresamente o decaemento da entidade municipal ao trámite correspondente, polo que, a pesar do prazo pechado recollido no acordo plenario 7.7705 de 26/11/2021, entendemos que o termo para presentar o proxecto modificado non prescribiu ao estar indefinidamente aberto.

Por outra banda, a pesares do recollido no devandito acordo do Pleno, consideramos non procede establecer un prazo preclusivo para a tramitación dos modificados ou reformulados, por canto as necesidades novas ou as situacións sobrevidas que dan lugar a novación dun contrato de obra poden acontecer en calquera momento da execución do investimento e non autorizar a súa tramitación, principalmente cando se trata dunha obra subvencionada, xeraría un quebranto económico na tesourería municipal e atentaría contra o interese xeral.

Conscientes deste desequilibrio, este ano na prórroga do Plan Concellos 2021 revértese esta situación eliminando o prazo que limita a presentación dos modificados ou reformulados.

Visto que o proxecto modificado, que contén todos os apartados esixidos no artigo 233 da LCSP, supón unha variación orzamentaria respecto do proxecto orixinal do 13,00%

Visto que o proxecto modificado da obra “*RENOVACIÓN URBANA DA PRAZA SAN GREGORIO*” responde á necesidade sobrevida de adaptar o documento técnico dando solución a problemática detectada.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e



vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de datas 19/10/2022 e 26/10/2022, da xefa do servizo de Cooperación de data 26/10/2022 e do informe da intervención provincial, de data 26/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar o proxecto modificado do investimento “*Renovación Urbana da Praza San Gregorio*” (Expte.2020023066) do *Concello de Cambados*. O proxecto modificado supón unha variación orzamentaria do 13,00% respecto do proxecto orixinal, pasando a ser o seu orzamento de 152.944,74 €.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.32237.- VALIDACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO “REFORMA DE EDIFICACIÓN PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS-CARRIL” INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020-LIÑA 1, COMO TRÁMITE PREVIO AO RECOÑECIMENTO DA OBRIGA E ORDENAMENTO DO PAGAMENTO DA AXUDA ECONÓMICA CONCEDIDA AO ABEIRO DO DEVANDITO PLAN- CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (Expte. 2020019016)

Mediante acordo da xunta de goberno núm. 19.29088, de 26/06/2020, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do POS/2020, por importe de 600.000,00 € ao *concello de Vilagarcía de Arousa* co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma de edificación para albergue de peregrinos - Carril*” (Expte.:2020019016), cun orzamento polo mesmo importe.

A concesión da subvención foi publicada no BOPPO núm.151 de 07/08/2020

Constan no expediente dilixencias de conformidade da intervención provincial ás xustificacións parciais achegadas polo concello.

En data 26/05/2020, o *concello de Vilagarcía de Arousa* remite o proxecto modificado do investimento arriba referido. Da documentación que obra no expediente resulta acreditado que o modificado do proxecto ven orixinado no cumprimento das novas obrigas de deseño e eficiencia enerxética recollidas no Rd 732/2019, de 20 de decembro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación aprobado polo Rd 314/2006, de 17 de marzo. A pesares da necesidade do proxecto modificado, a tramitación non se leva a cabo ao considerarse extemporáneo.

En datas 29/08/2022 e 30/08/2022, formalmente e en prazo, ten entrada na sede electrónica da Deputación instancia do *concello de Vilagarcía de Arousa* no que xunta a documentación xustificativa do gasto efectuado (certificacións núm. 13,14,15 e 16) en relación á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma de edificación para albergue de peregrinos - Carril*” (exp.:2020019016) e solicita o libramento do importe xustificado.



En data 19/10/2022, o enxeñeiro xefe de cooperación emite un informe no que avala a necesidade da modificación do proxecto por razóns técnicas e de cumprimento da normativa vixente, con axustes en unidades de obra e incorporación de unidades novas, que non supoñen unha variación substancial do proxecto orixinal, respondendo a execución final ao proxecto e finalidade do mesmo.

Na mesma data, a xefa de servizo de cooperación emite un informe-proposta solicitando á intervención provincial o libramento da subvención que resta por aboar ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*.

En data 26/10/2022, a intervención provincial emite informe favorable á proposta da xefa do servizo de cooperación, previa validación do proxecto modificado pola Xunta de Goberno Provincial.

#### Fundamentos xurídicos:

##### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

#### Consideracións Xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2020, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, aillada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE EXCLUIDO.
- Artigo 242 da LCSP, que recolle o procedemento a seguir na tramitación e aprobación dun proxecto modificado.
- Base 20ª do PLAN CONCELLOS 2020 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e autorizado pola Deputación.

#### Consideracións finais:

O dereito que ten a Administración a modificar o contrato non é unha atribución legal indiscriminada de libre criterio, senón unha facultade regulada cuxa lexitimidade queda subordinada ao cumprimento dunha serie de requisitos. O primeiro esixe que aparezan circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e que razóns de interese público aconsellen introducir modificacións nos elementos que integran o contrato. O segundo dos requisitos, de natureza formal, esixe a súa aprobación polo órgano correspondente.

Segundo queda acreditado no expediente o proxecto modificado da obra “*Reforma de edificación para albergue de peregrinos-Carril*” redáctase, principalmente, para salvar unhas situacións sobrevidas como foron o cumprimento das Directivas europeas en materia de eficiencia enerxética e deseño, ao que hai que engadir o incremento dos custes directos e indirectos de derivados da subida dos carburantes. Estes feitos determinaron que o proxecto primixenio na súa redacción orixinal non se puidera levar a cabo, pois de seguir adiante co mesmo non se acadarían os requisitos mínimos de eficiencia que esixe a normativa vixente para unha edificación de tales características e sería contrario ao interese xeral.

Xustificadas as razóns da necesidade do proxecto modificado, o concello de *Vilagarcía de Arousa* dentro dos límites obxectivos, atendendo ás normas de competencia, formalmente e antes de rematar o prazo de execución, aprobou o proxecto modificado da obra denominada “*Reforma de edificación para albergue de Peregrinos- Carril*” e remitiuno a Deputación para a súa autorización.



Recibido o proxecto modificado no servizo de cooperación, este obviou a súa tramitación ao consideralo extemporáneo e así llo trasladou ao concello de Vilagarcía de Arousa nunha comunicación, se ben o órgano competente (a xunta de goberno) nunca resolveu expresamente o decaemento da entidade municipal ao trámite correspondente, polo que, a pesar do prazo pechado recollido no acordo plenario 7.7705 de 26/11/2021, entendemos que o termo para presentar o proxecto modificado non prescribiu ao estar indefinidamente aberto.

Por outra banda, a pesares do recollido no devandito acordo do Pleno, consideramos non procede establecer un prazo preclusivo para a tramitación dos modificados ou reformulados, por canto as necesidades novas ou as situacións sobrevidas que dan lugar a novación dun contrato de obra poden acontecer en calquera momento da execución do investimento e non autorizar a súa tramitación, principalmente cando se trata dunha obra subvencionada, xeraría un quebranto económico na tesourería municipal e atentaría contra o interese xeral.

Conscientes deste desequilibrio, este ano na prórroga do Plan Concellos 2021 revértese esta situación eliminando o prazo que limita a presentación dos modificados ou reformulados.

Visto que o proxecto modificado, que contén todos os apartados esixidos no artigo 233 da LCSP, supón unha variación orzamentaria respecto do proxecto orixinal do 16,99%

Visto que o proxecto modificado da obra “Reforma de edificación para albergue de peregrinos-Carril” responde á necesidade sobrevida de adaptar o documento técnico á normativa vixente en materia de deseño e eficiencia enerxética.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de datas 19/10/2022 e 26/10/2022, da xefa do servizo de Cooperación das mesmas datas e do informe da intervención provincial, de data 26/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar o proxecto modificado do investimento “*Reforma de edificación para albergue de peregrinos-Carril*” (Expte. 2020019016) do *Concello de Vilagarcía de Arousa*. O proxecto modificado supón unha variación orzamentaria do 16,99% respecto do proxecto orixinal.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.32238.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITE DE URXENCIA, DA “SUBMINISTRACIÓN DE PACKAGING SUSTENTABLE E REUTILIZABLE DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN”, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATION EU)”  
(Expte.2022062046)

As actividades dos servizos de Turismo Rías Baixas e de Promoción do Emprego e Desenvolvemento, baséanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. A tal efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como coa convocatoria e proxecto que se pretende executar.

A Deputación de Pontevedra, en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten como un dos principais obxectivos, en materia de comercio, o desenvolvemento de mecanismos para situar de maneira eficiente o territorio, que contribúa a xerar así unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia. Deste xeito preténdese favorecer a creación, desenvolvemento e consolidación de negocios do sector do comercio polo miúdo na provincia de Pontevedra que permita a xeración de riqueza e postos de traballo de calidade.

Tendo en conta as dúas convocatorias publicadas o 11 de setembro de 2021 polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra presentou dous proxectos: “Commerce Inside” dirixido a concellos turísticos e “Da Túa Man” dirixido a municipios para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización.

O 7 de febreiro de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para os proxectos “Commerce Inside” e “Da Túa Man”. En consecuencia, a Deputación de Pontevedra aceptou o financiamento mencionado e posteriormente, a Xunta de Goberno desta institución na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación dos mencionados proxectos condicionados á resolución de concesión.



Polo que para a consecución dos fitos e obxectivos marcados nas convocatorias e nas memorias dos proxectos presentadas e polo menos executar no presente exercicio os requisitos sinalados nos art. 24.2.b) e 25.2.b) das Ordes citadas financiada pola Unión Europea - NextGenerationEU, se propón a contratación das actuacións relativas á subministración de packaging sustentable e reutilizable para o comercio de proximidade, procedente de materiais compostables ou reciclados que contribuirán á redución da pegada de carbono no medio ambiente.

Por acordo da Xunta de goberno na súa sesión ordinaria de 3 de xuño de 2020, apróbase o expediente número 2022034965 Subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “Da tua man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse o DOUE con data 3 de xuño de 2022, así mesmo publicouse na Perfil do contratante da Deputación de Pontevedra en data 8 de xuño de 2022. Na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, en data 23/06/2022, o presidente da Mesa de contratación decide retirar este asunto da orde do día e declarar deserto o expediente, por non terse presentada ningunha empresa interesada na adxudicación do contrato.

Persistindo a necesidade, con data 4/10/2022 pola xefa do servizo de Turismo Rias Baixas, e o xefe do servizo de Promoción de Emprego, iníciase novo expediente de contratación e na providencia de inicio (csv BR6Z10V4224JW84A) xustifican a declaración de urxencia, que vexa agravada polo transcurso dos prazos tras quedar deserto o contrato da subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “Da tua man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, , conforme ao establecido no artigo 50.1 apartados a) e e) do Real decreto Lei 36/2020 do 30 de decembro polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e proponen o inicio do expediente de contratación, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

O orzamento base de licitación ascende a 435.600,00 €, IVE engadido. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.





Tendo en conta que, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministro. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, previsto como ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP e polo seu importe suxeito a regulación harmonizada segundo o artigo 21 da LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 18/10/2022 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 18/10/2022 csv T2P3LH5BAUV8QWTB.

Visto que con data 19/10/2022 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención csv GHRF5CWUVJOTJ2OO, de data 26/10/2022, debendo terse en conta o disposto e coas condicións sinaladas nos puntos 1 e 6 das observacións:

*1.- Considerando a necesidade de axilizar a tramitación do expediente en función dos prazos de execución e xustificación esixidos pola normativa reguladora dos fondos para este proxecto, autorizouse a contabilización da retención de crédito, na contía correspondente ás achegas municipais, con cargo aos fondos propios, advertindo da esixencia de tramitarse coa maior celeridade posible os respectivos convenios cos Concellos co obxecto de poder xerar crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias.*

*Ademais, no caso do proxecto Commerce Inside condiciónase a parte restante do crédito (97.101,75 €) ó sinalado no presente informe.*

*A este respecto, mediante Acordo Plenario núm. 5.7813 de 23 de xuño de 2022 modificouse a Base 29ª.- “Realización de gastos ou investimentos para persoas alleas á Deputación” das de execución do vixente orzamento provincial, engadíndose o seguinte:*

*“Cando as esixencias de celeridade na tramitación dos proxectos cofinanciados con fondos NextGenerationEU dificulten a sinatura dos Convenios cos Concellos que participan no financiamento, así como a disposición das achegas municipais con carácter previo á autorización do gasto, poderá aprobarse o expediente, efectuándose a retención de crédito con cargo a recursos propios, condicionando a adxudicación á sinatura do Convenio.*

*O prazo para o ingreso das achegas municipais especificarase nos Convenios, que deberá facerse efectivo, en todo caso, nas anualidades que figuran nos mesmos ou “acordos de concesión”.”*

*(...)*

*6.-Dado que o prazo de desenvolvemento dos proxectos a día de boxe é ata o 31 de decembro de 2022, dada a data na que nos atopamos así como o prazo de execución do contrato (90 días naturais) cabe advertir da posible esixencia de responsabilidades no caso de perda da subvención así como que debe quedar condicionada a adxudicación do contrato á concesión da prórroga dos citados proxectos o cal debe facerse constar expresamente, tanto nos pregos coma no propio acordo do órgano competente.”*



Así mesmo, en dito informe establécese que:

“Na vinculación xurídica da aplicación 22/240.4314.226.99 (Prox. 92210002 *Da túa man*) existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto por importe de 217.800,00 €, estando dito crédito no expediente aberto tramitado no seu día (Expte. nº 2022034965) e que está pendente de declararse deserto pola Xunta de Goberno para poder anular as operacións contables e realizalas neste novo expediente.

-Na aplicación 22/433.4314.226.99 (Prox. 92210001 *Commerce Inside*) non existe crédito suficiente nin na propia aplicación orzamentaria nin na súa vinculación xurídica para facer fronte á totalidade deste gasto (217.800,00 €), estando crédito con cargo á vinculación xurídica de dita aplicación por importe de 120.698,25 € no expediente aberto tramitado no seu día (Expte. nº 2022034965) e que está pendente de declararse deserto pola Xunta de Goberno para poder anular as operacións contables e realizalas neste novo expediente e quedando condicionada a cantidade restante (97.101,75 €) á xeración de crédito que derive dos convenios que se aproben cos Concellos adheridos así como ás posibles baixas que xurdan da tramitación dos expedientes de contratación financiados con estes fondos.

De dito importe, de 217.800,00 € por proxecto, o 70% sen IVE é financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (Fondos NextGenerationEU) (126.000,00 €/proxecto €), o 15% sen IVE máis o total do IVE con cargo a fondos propios da Deputación (64.800,00 €/proxecto) e o 15% sen IVE restante polos Concellos adheridos mediante convenio (27.000,00 €/proxecto)”.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

De conformidade co establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e as especialidades establecidas no artigo 50 do RD-L36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar deserto o expte. 2022034965 por non terse presentada ningunha empresa interesada na licitación.

2.-Declarar a urxencia do expediente nº 2022062046 para contratar a subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU, motivada polas circunstancias incluídas no informe proposta dos servizos xestores csv UE5T4KPMBRRES8GZ de providencia co csv BR6Z10V4224JW84A e que se ven agravadas polo transcurso dos prazos, tras quedar deserto o expediente de contratación aprobado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 3 de xuño de 2022. (expte. 2022034965).

3.-Conservar no referido expediente, en todo o que non se opoña aos seus pregos reguladores, os actos administrativos e trámites realizados para a aprobación do expediente 2022034965, que tiña por obxecto a conclusión, mediante procedemento aberto de subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU, entre os que se atopan:

- Certificados de existencia de crédito: S83MGABY3MZQGUBK, SZ0ZC8XR1R0KOWZT.
- Informe de declaración de urxencia: UE5T4KPMBRRES8GZ.
- Test aspectos esenciais, Anexo II.B (Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-PRTR) csv M7CJGLXS5FT9WYT9.
- Cuestionario de autoavaliación do cumprimento do principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente no marco do PRTR csv 8ODTKORGXSMLNBFL “Da tú aman” e csv VO787B8CK0HPTUU4, “Commerce Inside2.



- Documento de definición de subproyecto csv 5H9A6FRIT6GXCSDN “Da tú aman”, csv WZ73T773UKUQZZY “Commerce Inside”.

4.-Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto de subministración de packaging sustentable e reutilizable dos proxectos “DA TÚA MAN” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “COMMERCE INSIDE” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE\_ NEXT GENERATION EU, de acordo co seguinte detalle:

*\_ Subministración de 100.000 unidades de packaging ecosustentables correspondentes ao proxecto “Commerce Inside”: A Guarda, Bueu, Tui, Soutomaior, Caldas de Reis, Nigrán, Sanxenxo, Cambados e o Grove.*

*\_ Subministración de 100.000 unidades de packaging ecosustentables correspondentes ao proxecto “Da túa ma”: A Cañiza, Gondomar, Moaña, O Rosal, Silleda, Salceda de Caselas, Tomiño, Poio e Ribadumia.*

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 435.600,00 €.

O valor estimado é de 360.000,00 €.

O prazo de execución será de 90 días a contar desde a data de formalización do contrato.

A adxudicación do contrato quedará condicionada a sinatura dos convenios cos concellos que participan no financiamento co obxecto de xerar crédito nas aplicacións orzamentarias polo importe a financiar polos respectivos concellos así como a disposición das correspondentes achegas municipais.

Así mesmo tamén, queda condicionado á aprobación das prórrogas dos programas Commerce Inside e Da túa man, que teñen unha duración a data de hoxe ata o 31 de decembro de 2022.

5.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 0FVZYKFWVOX072) e de prescricións técnicas (CSV: BL9CI1FI0T77G951) que rexerán dita contratación.

6.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 435.600,00 euros, dos cales 217.800€ euros irán con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/240.4314.226.99 (Prox: 92210002 Da túa man), e na vinculación da aplicación 22/433.4314.226.99 (Prox. 92210001 Commerce Inside) a cantidade de 120.698,25€ e a cantidade restante 97.101,75€ condicionada á xeración de crédito que derive dos convenios que se aproben cos Concellos adheridos así como ás posibles baixas que xurdan da tramitación dos expedientes de contratación financiados con estes fondos.



7.- Nomear responsable do contrato a xefa do servizo de Turismo, Ruth González reyes, e ao xefe do servizo de Promoción do emprego e desenvolvemento local, Manuel Corujo Castro, da Deputación de Pontevedra.

8.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 17 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

10.32239.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, TRAMITE DE URXENCIA, DA “SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS PARA OS PROXECTOS “DA TÚA MAN” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”.  
(Expte. 2022060385)

A Deputación de Pontevedra, a través dos servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, traballa na cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial de acordo co disposto no art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime Local.

Neste senso, en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, presentou dous proxectos destinados a favorecer a revitalización das zonas turísticas e comerciais da provincia de Pontevedra. O proxecto “Commerce Inside” dirixido a concellos turísticos, no marco da Orde do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ICT/951/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.” e o proxecto “Da túa man” dirixido a municipios para o apoio a mercados, zonas urbanas, comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, no marco da Orde do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ICT/949/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.”



Unha vez concedida a referida axuda, a Deputación aceptou o financiamento dos anteditos proxectos coa finalidade de transformar o comercio ao por menor, dotando ás áreas comerciais da provincia das ferramentas necesarias para dar resposta a una contorna cambiante e aos novos retos competitivos post pandemia.

Con este obxectivo, a Xunta de Goberno provincial na súa sesión ordinaria do 03 de xuño de 2022 acordou aprobar o expediente de contratación para adxudicar mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, a “Subministración de zonas de descanso verdes, sinalética integrada e illas ecolóxicas dos proxectos “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortas de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation”. (Expte.2022029400), cos seguintes lotes: 1. Zonas de descanso, 2. Illas Ecolóxicas e 3. Sinalética Integrada.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 3 de xuño de 2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento. O 23 de xuño de 2022 celébrase a Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra, certificando que só se presentan ofertas para os Lotes 1 e 3 ofertados no contrato, quedando deserto o Lote 2, referente ás illas ecolóxicas. Procedendo, posteriormente, mediante acordo da Xunta de Goberno de 12 de agosto de 2022, a adxudicar os Lotes 1 e 3 e a ratificar a declaración de Deserto do Lote 2: Illas ecolóxicas

Unha vez ratificada tal declaración, os servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local propoñen realizar un procedemento negociado sen publicidade de conformidade co disposto no artigo 168.a) 1 la LCSP, mantendo no expediente as condicións iniciais do contrato sen que se modifiquen substancialmente as mesmas e mantendo o orzamento base de licitación. Con este procedemento preténdese invitar a participar ás empresas Construcciones Fechi, S.L.U. (CIF B36258861), Gestconvert, S.L. (CIF B94066719) e *Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa*,(CIF B36533537), por considerar que tres é un número suficiente para celebrar unha licitación con transparencia.

Por outra banda, favorécese que as empresas ao ser invitadas participen no procedemento, tendo en conta que non se presentou ningunha oferta no procedemento aberto licitado quedando deserto o Lote 2. En consecuencia, preténdese invitar a 3 empresas dando cumprimento ao disposto no art. 169 da LCSP e entendendo que as 3 empresas mencionadas están capacitadas para a realización do obxecto do contrato e realizaron traballos similares ou do mesmo obxecto.



Dado que na providencia de inicio do expediente, sinálase que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios necesarios para a elaboración deste equipamento, motivo polo que unicamente se pode recorrer a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de subministracións.

En base ao exposto, con data 23 de setembro de 2022, as xefaturas dos servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local emiten, co visto e praxe da deputada, providencia de inicio do expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite de urxencia, para a “Subministración de illas ecolóxicas dos proxectos “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 4 meses, e un orzamento base de licitación de 353.804,00€.

Xunto coa referida proposta, os servizos achegan o prego de prescricións técnicas, obrando na providencia de inicio do expediente a proposta ao órgano de contratación da declaración de urxencia do presente procedemento.

Tendo en conta que, con data 30 de setembro de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración e que o procedemento a aplicar, proposto polos servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, é o procedemento negociado sen publicidade por imperiosa urxencia, que se aplicará de xeito excepcional, de acordo co disposto na versión definitiva da memoria asinada con data 26 de outubro de 2022.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 04 de outubro de 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría Xeral.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 10 de outubro de 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, reflectidas no seu informe complementario de data 14 de outubro de 2022 (CSV: QAD19SRTRX0NW3SZ).



Solicitado o preceptivo informe de fiscalización á Intervención con data 11 de outubro de 2022, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 28 de outubro de 2022, coas seguintes observacións e recomendacións (CSV: 0A8M75WJIE4FAK3J):

*“1.-(\*) Considerando a necesidade de axilizar a tramitación do expediente en función dos prazos de execución e xustificación esixidos pola normativa reguladora dos fondos para este proxecto, autorízase a contabilización da retención de crédito, na contía correspondente ás achegas municipais, con cargo aos fondos propios, advertindo da esixencia de tramitarse coa maior celeridade posible os respectivos **convenios** cos Concellos co obxecto de poder xerar crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias.*

*A este respecto, mediante Acordo Plenario núm. 5.7813 de 23 de xuño de 2022 modificouse a Base 29ª.- “Realización de gastos ou investimentos para persoas alleas á Deputación” das de execución do vixente orzamento provincial, engadíndose o seguinte:*

*“Cando as esixencias de celeridade na tramitación dos proxectos cofinanciados con fondos NextGenerationEU dificulten a sinatura dos Convenios cos Concellos que participan no financiamento, así como a disposición das achegas municipais con carácter previo á autorización do gasto, poderá aprobarse o expediente, efectuándose a retención de crédito con cargo a recursos propios, **condicionando a adxudicación á sinatura do Convenio.***

*O prazo para o ingreso das achegas municipais especificarase nos Convenios, que deberá facerse efectivo, en todo caso, nas anualidades que figuran nos mesmos ou “acordos de concesión”.*”

*3.-Os **pregos de prescricións técnicas particulares**, deben contar coa conformidade dunha persoa técnica do Servizo de Arquitectura (ou outra competente na materia) e, respecto do recollido na cláusula 7 (Condicións de seguridade, permisos e licenzas) sobre a obtención dos **permisos, licenzas e autorizacións** que foran necesarias para a execución dos traballos que correrán **a cargo dos concellos beneficiarios** dos 2 proxectos, sinalar que debe verificarse que esta **condición** se cumpra por parte dos concellos, debendo estar a disposición da Deputación antes da realización da prestación por parte da empresa que resulte adxudicataria.*

*4.-Dado que o prazo de desenvolvemento dos proxectos a día de hoxe é ata o 31 de decembro de 2022, dada a data na que nos atopamos así como o prazo de execución do contrato (90 días naturais) cabe **advertir** da posible esixencia de responsabilidades no caso de perda da subvención así como que debe quedar **condicionada a adxudicación do contrato á concesión da prórroga dos citados proxectos** o cal debe facerse constar expresamente, tanto nos pregos coma no propio acordo do órgano competente”.*

Visto que con data 4 de outubro de 2022, a Intervención emite os seguintes documentos de retención de crédito con cargo ao vixente orzamento provincial:

RC N°	Importe	Aplicación Orzamentaria	Proxecto	Anualidade
202200197204	166.496,00€	433.4314.652.99	COMERCE INSIDE	2022
202200197210	187.308,00€	240.4314.652.99	DA TUA MAN	2022

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministración os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.





Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Polo exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, trámite de urxencia da “*Subministración de illas ecolóxicas dos proxectos “Da túa man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas*”, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O prazo de duración será de 4 meses contados desde a data de formalización do contrato.

\*NOTA IMPORTANTE: A adxudicación do presente contrato, queda condicionada ao establecido na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 353.804,00 €.

O valor estimado é de 292.400,00 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 6HY5UBO984V1LMVW) e de prescricións técnicas (CSV: CR2TQ2QRVTS629XL) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 353.804,00 €, que se distribuirán conforme ao seguinte no vixente orzamento provincial:

ANUALIDADE	COMMERCE 22/433.4314.652.99	Da Túa Man 22/240.4314.652.99	TOTAL (IVE engadido)
2022	166.496,00 €	187.308,00 €	353.804,00 €



4.- Nomear responsables do contrato á Xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas para as subministracións realizadas con cargo ao proxecto “*Commerce Inside*” e á Xefatura do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local para as realizadas ao abeiro do proxecto “*Da Túa Man*”.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, ás empresas CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (CIF: B 36258861); GESTCONVERT, S.L. (CIF: B 94066719) e MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA (CIF: B 36533537), invitándoas a presentar proposición, no caso de estar interesadas, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

11.32240.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DOS “SERVIZOS PUBLICITARIOS CON FARO DE VIGO, S.A.U. PARA A ANUALIDADE 2023”. (Expte.2022057958)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 23 de setembro de 2022 número 2022006769 foi aprobado o Plan de Comunicación 2023 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros Faro de Vigo, S.A.U. como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do deputado delegado, propón, mediante informe de data 4 de outubro de 2022, a contratación da prestación de servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2023, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.



O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 272.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2023, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT1 nº 202200203077 por importe de 272.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Asemade, na memoria xustificativa de data 26 de outubro de 2022, (csv: BC9GJ6OO35BDGGH6) o Xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 7 de outubro de 2022 solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación. O secretario xeral, con data 18 de outubro de 2022, informa favorablemente o expediente “*sempre que se teñan en conta as consideracións formuladas e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación e que exista un reparto equitativo entre os medios*”.

Con data 19 de outubro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que, con data 2 de decembro de 2021, informa favorablemente o expediente (csv: K3FPE939TK3KRUSS) coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.*

*Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.* “

Tendo en conta o artigo 17 LCSP, que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta que o artigo 168 LCSP permite aplicar o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación dos contratos de servizos, cando soamente poidan ser encomendados a un empresario determinado por razóns de protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, dos servizos publicitarios con *Faro de Vigo, S.A.U.* para a anualidade 2023.

O prazo de duración será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 272.500,00 €.

O valor estimado é de 225.206,61 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: B74CEJJKGF5XG6VC7) e de prescricións técnicas (csv: XPFOIKBORA5OCR7Y) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 272.500,00 a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación Provincial ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Faro de Vigo, S.A.U.* (CIF:A36600815), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).



12.32241.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DOS “SERVIZOS PUBLICITARIOS CON LA VOZ DE GALICIA, S.A. PARA A ANUALIDADE 2023”.  
(Expte.2022061636)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 23 de setembro de 2022 número 2022006769 foi aprobado o Plan de Comunicación 2023 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse, entre outros, *La Voz de Galicia, S.A.* como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do deputado delegado, propón, mediante informe de data 4 de outubro de 2022, a contratación da prestación de servizos publicitarios con *La Voz de Galicia, S.A.* para a anualidade 2023, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 170.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2023, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT1 nº 202200207601 por importe de 170.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.



Asemade, na memoria xustificativa de data 27 de outubro de 2022, (csv: LJDGVG9T5SXYSFML) o Xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 7 de outubro de 2022 solicita o preceptivo informe ao secretario xeral da Deputación. O secretario xeral, con data 21 de outubro de 2022, informa favorablemente expediente “*sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación e que exista un reparto equitativo entre os medios*”.

Con data 21 de outubro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, que, con data 2 de decembro de 2021, informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.*”

*Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”*

Tendo en conta o artigo 17 LCSP, que establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta que o artigo 168 LCSP permite aplicar o procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación dos contratos de servizos, cando soamente poidan ser encomendados a un empresario determinado por razóns de protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE excluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade por exclusividade, dos servizos publicitarios con *La Voz de Galicia, S.A.* para a anualidade 2023.

O prazo de duración será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 170.000,00 €.

O valor estimado é de 140.495,87 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: L5MZBPT2TMOHJ9T0) e de prescricións técnicas (csv: MYBEC09H8BMMJTBF) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 170.000,00 a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2023, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación Provincial ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento de negociación para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *La Voz de Galicia, S.A.* (CIF A-15000649) invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).



13.32242.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.  
(Expte.2022043534)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2022, aprobou o expediente para a contratación por lotes, mediante procedemento aberto, do *servizo de Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 6 de setembro de 2022. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de setembro de 2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa *Segurlem, S.L.* (NIF: B-36.262.053) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para os lotes 1 e 3 do contrato, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, os servizos de Arquitectura e Museo de Pontevedra, mediante informe de data 6 de outubro de 2022 e 9 de outubro de 2022, respectivamente, consideran que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta as súas ofertas económicas para os Lotes 1 e 3, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 13 de outubro de 2022, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos tres lotes do contrato a favor da empresa *Segurlem, S.L.* (NIF: B-36.262.053), polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.





Mediante Resolución Presidencial número 2022007278, de 13 de outubro de 2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa *Segurlem, S.L.* (NIF: B-36.262.053) presenta a documentación correspondente ao requirimento, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.408,64 € (carta de pago núm. operación 202200212550, do 26/10/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo “*Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*” á empresa Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	15.403,50 €	3.234,73 €	18.638,23 €
Lote 2	8.766,90 €	1.841,05 €	10.607,95 €
Lote 3	4.002,25 €	840,47 €	4.842,72 €

O prazo de duración do contrato será de un ano desde a data sinalada no documento de formalización. Establécese a posibilidade de 3 prórrogas anuais.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á as seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial, e as do ano 2023 contabilizarase na correspondente aplicación, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo:

Anualidade	LOTE 1	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (1 mes)	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	353,37 €
	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	433.4320.213.00	123,27 €
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaíor)	433.3360.213.00	52,59 €
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	433.3363.213.00	85,47 €
	Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial)	332.3322.213.00	85,47 €
	Cohesión social e Xuventude(Centro Vacacional A Lanzada)	231.3370.213.00 (vinculación)	29,58 €
	Escola de Canteiros	324.3243.213.00	156,14 €
	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	410.4120.213.00	134,77 €
	Estación Fitopatolóxica Areeiro	413.4123.213.00	100,26 €
	ORAL Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	932.9320.213.00	180,79 €
	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	923.1705.213.00	27,94 €
	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	923.1623.213.00	14,79 €
	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	456.4530.213.00	49,31 €
	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	942.4330.213.00	128,20 €
	Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	942.4331.213.00 (vinculación)	31,23 €



2023 (11 meses)	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	920.9200.213.00	3.887,07 €
	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira)	433.4320.213.00	1.355,96 €
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaior)	433.3360.213.00	578,54 €
	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	433.3363.213.00	940,13 €
	Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial)	332.3322.213.00	940,13 €
	Cohesión social e Xuventude (Centro Vacacional A Lanzada)	231.3370.213.00	325,43 €
	Escola de Canteiros	324.3243.213.00	1.717,54 €
	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	410.4120.213.00	1.482,51 €
	Estación Fitopatolóxica Areiro	413.4123.213.00	1.102,84 €
	ORAL Oficina Central e Periféricas (Pontevedra, A Cañiza, A Estrada, Arbo, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Lalín, Nigrán, Moaña, O Rosal, Pontearreas, O Porriño, Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa)	932.9320.213.00	1.988,74 €
	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	923.1705.213.00	307,35 €
	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	923.1623.213.00	162,71 €
	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	456.4530.213.00	542,38 €
	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	942.4330.213.00	1.410,19 €
Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	942.4331.213.00	343,51 €	



Anualidade	LOTE 2	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (1 mes)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	884,00 €
2023 (11 meses)	Centro Príncipe Felipe	232.2312.213.00	9.723,95 €
Anualidade	LOTE 3	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (1 mes)	Museo de Pontevedra (Edif. Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	333.3330.213.00 (vinculación)	403,56 €
2023 (11 meses)	Museo de Pontevedra (Edif. Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	333.3330.213.00	4.439,17 €

Forma de pagamento:  PARCIAL

Fitos de facturación:

Mantemento Preventivo

A facturación realizarase trimestralmente, debéndose emitir unha factura por cada edificio. A contía a facturar será o resultado de aplicarlle o desconto ofertado aos importes estimados para cada edificio. Os importes trimestrais estimados por edificio son os seguintes:

LOTE 1	Importe Trimestre (€)		
	Importe	21 % IVE	Total
PAZO PROVINCIAL (PONTEVEDRA)	550,00	115,50	665,50
EDIFICIO ADMINISTRATIVO (PONTEVEDRA)	345,00	72,45	417,45
SEDE DE VIGO Eduardo Chao, 17, Vigo	180,00	37,80	217,80
TURISMO RÍAS BAIXAS (PALACETE DAS MENDOZA, PONTEVEDRA)	350,00	73,50	423,50
TURISMO RÍAS BAIXAS (MOSTEIRO DA ARMENTEIRA)	25,00	5,25	30,25



TURISMO RÍAS BAIXAS (CASTELO DE SOUTOMAIOR)	160,00	33,60	193,60
TURISMO RÍAS BAIXAS (CASTELO DE SOBROSO)	260,00	54,60	314,60
PATRIMONIO DOMUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO (ARQUIVO PROVINCIAL)	260,00	54,60	314,60
COHESIÓN SOCIAL (CENTRO A LANZADA)	90,00	18,90	108,90
ESCOLA DE CANTEIROS	475,00	99,75	574,75
MEDIO AMBIENTE (FINCA LABORATORIO MOURISCADE)	410,00	86,10	496,10
ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREEIRO	305,00	64,05	369,05
ORAL OFICINAS (PONTEVEDRA)	150,00	31,50	181,50
ORAL OFICINAS PERIFÉRICAS	400,00	84,00	484,00
SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (CAAN)	85,00	17,85	102,85
SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL (REVITALIZA)	45,00	9,45	54,45
INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS ( PARQUE DE MAQUINARIA Lalín e Gondomar)	150,00	31,50	181,50
COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS (VIVEIRO DE EMPRESAS BARRO-MEIS)	265,00	55,65	320,65
COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS (VIVEIRO DE EMPRESAS LALÍN)	125,00	26,25	151,25
COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS (CENTRO DE APOIO EMPRESARIAL BARRO-MEIS)	95,00	19,95	114,95

LOTE 2	Trimestre (€)		
	Importe	21 % IVE	Total
CENTRO PRÍNCIPE FELIPE	2.865,00	601,65	3.466,65

LOTE 3	Trimestre (€)		
	Importe	21 % IVE	Total
MUSEO PONTEVEDRA (Edif. Fdez López e anexo, Edf. Castro Monteagudo, Edf. García Flórez, Ruínas San Domingos, Edif. Sarmiento e Edif. Castelao)	1.274,60	267,67	1.542,27



Non obstante, se unha instalación queda máis de tres meses fóra de servizo por obras de reforma, necesidades propias da Deputación ou outras causas non imputables á propiedade, o importe de mantemento durante os meses afectados non será facturado á Deputación de Pontevedra. O importe de mantemento da devandita instalación, descontarase da factura trimestral, polo período que estivese parado.

#### Mantemento correctivo:

Este concepto engloba a reparación das avarías que se presenten nas instalacións. Se estas supoñen un incremento do coste, serán facturadas independentemente do importe do presente contrato, segundo as seguintes regras:

- No suposto de que o importe das subministracións necesarias sexa inferior a 3.000 € (IVE incluído), poderase facer sen necesidade de dítar acto administrativo (resolución presidencial). A empresa mantedora remitirá un orzamento, que requirirá a autorización do centro xestor con carácter previo á realización dos traballos. En todo caso, se o centro xestor considera que a oferta remitida contén prezos desproporcionados ou anormais, poderanse solicitar outras ofertas para garantir o axuste aos valores de mercado.
- No suposto de que o importe das subministracións necesarias supere os 3.000 € (IVE incluído) e non supere o importe dos contratos menores, deberán facerse seguindo o procedemento establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector públicas nas Instrucións para a tramitación dos expedientes de contratación da Deputación de Pontevedra.

Serán por conta da empresa adxudicataria deste contrato:

- A man de obra necesaria para a reparación das avarías que poidan xurdir nas instalacións durante a duración do contrato.
- Os medios de transporte adecuados e suficientes para a realización do servizo do presente prego.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

a. Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra ([sede.depo.es](https://sede.depo.es)), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2022043534	
Órgano xestor: – Arquitectura: LA0006124 (Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo) – Turismo Rías Baixas: LA0006122 (Palacete das Mendoza, Mosteiro de Armenteira, Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso) – Patrimonio Monumental e Bibliográfico: LA0006115 (Arquivo Provincial) – Cohesión social e Xuventude: LA0008004 (Centro Vacacional a Lanzada) – Escola de Canteiros: LA0006113 – Finca Mouriscade: LA0006120 – Estación Fitopatolóxica Areeiro: LA0006121 – ORAL: LA0006136 (Oficina Central e Periféricas) – Servicio de Asistencia Intermunicipal: LA0006129 (Caan e Oficina de Revitaliza) – Mobilidade: LA0006123 (Parques de Maquinaria) – Cooperación cos municipios: LA0006138 (Viveiros de empresas Lalín e Barro-Meis e Centro de Apoio empresarial) – Centro Príncipe Felipe: LA0006112 – Museo de Pontevedra: LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables do contrato:

- Lote 1: María Carmen Gómez Manzano, xefa do servizo de Arquitectura.
- Lote 2: Patricia Pérez Fernández, Técnica de mantemento do Centro Príncipe Felipe.
- Lote 3: Antía Parcero Rodal, Técnica de mantemento do Museo de Pontevedra.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

14.32243.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO FORMALIZADO ENTRE A DEPUTACIÓN E RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. PARA “COBERTURA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN NA ANUALIDADE 2022”. (Expte.2021055854)

Por Resolución Presidencial de data 11 de outubro de 2021, número 2021005934, foi aprobado o Plan de Comunicación da anualidade 2022 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido aos medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítase entre outros a Atlántico Diario como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de 30 de decembro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dos servizos publicitarios con “Rías Baixas Comunicación, S.A.” para a anualidade 2022.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar o importe de 90.000,00 € (IVE engadido).

A xefa do servizo de Comunicación Institución informa en data 27/07/2022, que tendo en conta o importe xa consumido e comprometido do contrato na data actual, a contía pendente resulta insuficiente para dar cobertura publicitaria ás diferentes accións que promoverá a institución provincial no ano 2022.

Por tal motivo propónse a necesidade de levar a cabo a modificación no importe do contrato que permita realizar insercións publicitarias no citado medio, tanto na súa edición en papel como na súa páxina web [www.atlantico.net](http://www.atlantico.net), para dar a coñecer á cidadanía as diferentes campañas con relevancia e interese social que promoverá a institución provincial no que resta do 2022: Campaña do día Mundial de Turismo, Gala do Deporte, 25 N, Premios xuventude, Elas son a Forza do Nadal e xoguete.

A valoración da modificación proposta para o contrato de cobertura publicitaria suporá un incremento de gasto autorizado nun importe de 9.000,00€ (IVE engadido), o que supón un 10% do prezo de adxudicación do contrato.





Visto que o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra, con data 03/08/2022, informa o seguinte(csv SB5XLD65NX97IB87).

*“ (...) Visto que non existiu previsión no prego de modificación do contrato, se examina se a modificación proposta atopa a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan nos apartados do artigo 205.2 LCSP; e se se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.*

*Vendo que a causa da proposta é a insuficiencia do importe comprometido para a execución das campañas publicitarias, a única opción que pode acoller tal circunstancia é a prevista no apartado c).*

*Ten en consideración o informe do servizo de comunicación, de data 22 de xullo de 2022, non se observa con esta modificación un cambio da natureza material do obxecto do contrato inicial.*

*Non é posible a participación ou a selección doutras empresas no procedemento, por que a adxudicataria goza dunha exclusividade, por titularidade, sobre o medio de comunicación en donde se pretende publicar.*

*Tampouco se advierte unha alteración económica en beneficio do contratista, xa que non se varían os prezos unitarios senon que unicamente se incrementan o número de publicacións inicialmente estimadas, sen que se produza unha alteración da contía total do contrato superior ao 10%.*

*Polo anteriormente exposto, non se ve inconveniente para levar a cabo da modificación do contrato con Rías Baixas Comunicación S.A.”.*

En data 18/08/2022 pola Secretaria procédese a devolución do expediente ao considerar que o presente contrato non conta cos elementos e a xustificación suficiente para poder ser informada por este Servizo.

En data 12/09/2022, pola Xefa do servizo de Comunicación Institucional, en resposta as incidencias postas de manifesto por Secretaría, emite informe complementario (csv V00TKHONES9RBG7Z) sinalando que: *“a modificación proposta ten como finalidade dar cobertura a unha serie de campañas pendentes para o ano 2022 e que con elo, non se está a desvirtuar o propio Plan de Comunicación da presente anualidade, respectando o reparto entre os distintos medios de comunicación de acordo aos principios de igualdade e non discriminación”.*

*En data 03/10/2022, emítese informe favorable pola Secretaría csv YOM9BEKR2TRAI5IB.*

Pola Intervención emítese documento de retención de crédito número de operación 202200159242, polo importe de 9.000,00€, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2022/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, no que certifica que existe crédito dispoñible na referida aplicación, quedando retido dito importe.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 25/10/2022 (csv Z137RIHMTZVKGE4Y), no que se recolle o seguinte:

*“O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente), existindo consignación orzamentaria para o seu financiamento a nivel de vinculación. A retención de crédito a nivel de bolsa supón a diminución do crédito dispoñible para a realización doutros gastos imputables á mesma, o que deberá terse en conta polos xestores de gasto, a efectos de evitar situacións de inexistencia ou insuficiencia de crédito para gastos necesarios e non afectar ao cálculo da estabilidade e regra do gasto para o exercicio en curso.*

*Ademais, supón un incremento de gasto computable no exercicio no que se leva a cabo a execución do gasto, afectando á estabilidade no mesmo. Non obstante, no exercicio 2022 está suspendida a aplicación no que se refire á estabilidade e ó cumprimento da regra do gasto. Ao tratarse dun gasto de execución e de carácter corrente, que esgota os seus efectos co seu cumprimento, non compromete á sustentabilidade económica financeira desta entidade a longo prazo.”*

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do contrato con *Rias Baixas Comunicación S.A.* (A-36.643.674), para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2022, adxudicado pola Xunta de Goberno o día 10 de xaneiro de 2022, á empresa *Rias Baixas Comunicación S.A.*

A modificación implica un incremento do gasto de 9.000,00 € (IVE engadido), o que supón un 10% do gasto estimado total, pasando a 99.000,00 € (IVE engadido).

2.- Autorizar o gasto por importe de 9.000,00 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2022/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

3.- Requirir á empresa *Rias Baixas Comunicación S.A.* para que no prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceda ao reaxuste da garantía definitiva constituída para este contrato, que pasa de 3.719,01 € a cantidade de 4.090,09€.



15.32244.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO FORMALIZADO ENTRE A DEPUTACIÓN E FARO DE VIGO S.A.U., PARA “COBERTURA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN NA ANUALIDADE 2022”. (Expte. 2021056594)

Por Resolución Presidencial de data 11 de outubro de 2021, número 2021005934, foi aprobado o Plan de Comunicación da anualidade 2022 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido aos medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítase entre outros a Faro de Vigo como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá marcha a institución provincial, tendo en conta que:

- Faro de Vigo é o xornal decano da prensa española. Marca de información de líder no sur de Galicia cunha difusión total de 19.634 exemplares diarios, dos que 18.873 son na provincia de Pontevedra, (2,6 veces superior ao segundo diario).
- Faro de Vigo é o soporte de maior penetración na provincia de Pontevedra, mesmo por encima de televisión e radio.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de 10 de xaneiro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dos servizos publicitarios con “Faro de Vigo, S.A.U” para a anualidade 2022.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poda superar o importe de 272.500, 00 €.

A xefa do servizo de Comunicación Institución informa en data 27/07/2022, que tendo en conta o importe xa consumido e comprometido do contrato na data actual, a contía pendente resulta insuficiente para dar cobertura publicitaria ás diferentes accións que promoverá a institución provincial no ano 2022.

Por tal motivo propónse a necesidade de levar a cabo a modificación no importe do contrato que permita realizar insercións publicitarias no citado medio, tanto na súa edición en papel como na súa páxina web [www.farodevigo.com](http://www.farodevigo.com), para dar a coñecer á cidadanía as diferentes campañas con relevancia e interese social que promoverá a institución provincial no que resta do 2022: Campaña do día Mundial de Turismo, 25 N, Premios xuventude, Elas son a Forza do Nadal e xoguete.

A valoración da modificación proposta para o contrato de cobertura publicitaria con FARO DE VIGO S.A.U., para o período comprendido entre o 28 de xaneiro de 2022 ó 31 de decembro de 2022, suporá un incremento de gasto autorizado nun importe de 27.250,00€ (IVE engadido), o que supón un 10% do prezo de adjudicación do contrato.



Visto que o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación de Pontevedra, con data 01/08/2022, no que informa o seguinte (csv Z7DTH5H9JTI2TNR2) :

“ (...) Visto que non existiu previsión no prego de modificación do contrato, se examina se a modificación proposta atopa a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan nos apartados do artigo 205.2 LCSP; e se se limita a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Vendo que a causa da proposta é a insuficiencia do importe comprometido para a execución das campañas publicitarias, a única opción que pode acoller tal circunstancia é a prevista no apartado c).

Tendo en consideración o informe do servizo de comunicación, de data 21 de xullo de 2022, non se observa con esta modificación un cambio da natureza material do obxecto do contrato inicial.

Non é posible a participación ou a selección doutras empresas no procedemento, por que a adxudicataria goza dunha exclusividade, por titularidade, sobre o medio de comunicación en donde se pretende publicar.

Tampouco se advierte unha alteración económica en beneficio do contratista, xa que non se varían os prezos unitarios senon que unicamente se incrementan o número de publicacións inicialmente estimadas, sen que se produza unha alteración da contía total do contrato superior ao 10%.”

Polo anteriormente exposto, non se ve inconveniente para levar a cabo da modificación do contrato con Faro de Vigo SAU”.

En data 18/08/2022 pola Secretaria procédese a devolución do expediente ao considerar que o presente contrato non conta cos elementos e a xustificación suficiente para poder ser informada por este Servizo.

En data 12/09/2022, pola Xefa do servizo de Comunicación Institucional, en resposta ás incidencias postas de manifesto pola Secretaría, emite informe complementario (csv ZNO01UHWFFQKMOEM) no que se recolle: ”que a modificación proposta ten como finalidade dar cobertura a unha serie de campañas pendentes para o ano 2022 e que con elo, non se está a desvirtuar o propio Plan de Comunicación da presente anualidade, respectando o reparto entre os distintos medios.”

Con data 3/10/2022, emítese informe favorable do expediente pola Secretaria (csv ZF2ED6T7BFA0F131.)

Pola Intervención emítese documento de retención de crédito número de operación 202200157666, polo importe de 27.250,00€, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2022/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, no que certifica que existe crédito dispoñible na referida aplicación, quedando retido dito importe.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 21/10/2022, no que recolle o seguinte:

“O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente), existindo consignación orzamentaria para o seu financiamento a nivel de vinculación. A retención de crédito a nivel de bolsa supón a diminución do crédito dispoñible para a realización doutros gastos imputables á mesma, o que deberá terse en conta polos xestores de gasto, a efectos de evitar situacións de inexistencia ou insuficiencia de crédito para gastos necesarios e non afectar ao cálculo da estabilidade e regra do gasto para o exercicio en curso.



*Ademais, supón un incremento de gasto computable no exercicio no que se leva a cabo a execución do gasto, afectando á estabilidade no mesmo. Non obstante, no exercicio 2022 está suspendida a aplicación no que se refire á estabilidade e ó cumprimento da regra do gasto. Ao tratarse dun gasto de execución e de carácter corrente, que esgota os seus efectos co seu cumprimento, non compromete á sustentabilidade económico financeira desta entidade a longo prazo.”*

Tendo en conta o artigo 109.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberase reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación do contrato con *Faro de Vigo S.A.U.* (A-36600815), para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2022, adxudicado pola Xunta de Goberno o día 10 de xaneiro de 2022, á empresa *Faro de Vigo S.A.U.*

A modificación implica un incremento do gasto de 27.250,00 € (IVE engadido), o que supón un 10% do gasto estimado total, pasando o gasto a 299.750,00€ (IVE engadido).

2.- Autorizar o gasto por importe de 27.250,00 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2022/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

3.- Requirir á empresa *Faro de Vigo S.A.U.* para que no prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceda ao reaxuste da garantía definitiva constituída para este contrato, que pasa de 11.260,33€, a cantidade de 12.386,36€.

16.32245.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA Á EMPRESA, MONFORTE, S.A.U., PARA ENTREGA DAS “FURGONETAS DESTINADAS OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO ACORDO MARCO 2021049376 (LOTES 1 E 2)”. (Expte.2021049376)

Resultando que a Deputación de Pontevedra ten a necesidade de contar cunha frota de vehículos furgonetas para realizar os desprazamentos de certo persoal ao lugar no que teñen que desenvolver as tarefas propias do seu posto de traballo, así como para dar cobertura ás tarefas desenvoltas polo



persoal de oficios e mantemento que realiza desprazamentos entre os diferentes centros e para manter os servizos que desde a institución provincial préstanse aos concellos da provincia en exercicio das competencias propias previstas na Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, e o artigo 80 da Lei 5/1997, 22 xullo reguladora da Administración local de Galicia.

Resultando que con data 06 de maio de 2022 a Xunta de Goberno provincial adxudicou os Lotes 1 e 2 do Acordo Marco para a “*Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” á Empresa Monforte, S.A.U. (NIF A-15019243) e o Lote 3 á empresa CRONORENT, S.L. (CIF: B-957001843).

Resultando que por Resolución Presidencial, de data 29 de xuño de 2022, adxudícase o contrato derivado –Expte. 2022042998 (Lote 1)-, de 5 vehículos para o SAIM; Por medio de Resolución Presidencial, de data 30 de xuño de 2022, adxudícase o contrato derivado -Expte. núm. 2022043148 (Lote 1) –3 vehículos para o Parque Móbil; En sesión de 1 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno acordou adxudicar o contrato baseado – Expte. núm. 2022043197 (Lote 1) – 21 vehículos para o Servizo de Mobilidade; e mediante Resolución Presidencial, de data 30 de xuño de 2022, adxudícase o contrato derivado –Expte. 2022043188 (Lote 2)- de 2 vehículos para o parque móbil.

Resultando que consta no expediente un escrito do Xefe de vendas de Lucuscar da marca Citroën no que afirma que con data 30 de marzo ordenouse pola empresa Monforte o pedido de 29 unidades Citroën Berlingo, poñéndose como data de entrega o 30 de xullo de 2022; e en relación co lote 2, preséntase como acreditación do atraso alleo á súa vontade, escrito do xerente da empresa Lugo Motor, S.L., que certifica que con data 23 de marzo de 2022, adquiríronse 2 Ford Transit Custom (pedido non 32.543) e pedido non 32.544 "furgoneta 6 prazas + carga"); non estando previstas a súa entrega ata decembro do 2022.

Visto a instancia presenta pola Empresa Monforte SAU, de data 1 de agosto de 2022, con CSV: A3691762BJY4AWHY, acompañada de varios escritos onde solicita a ampliación do prazo de entrega dos vehículos do Lote 1 e Lote 2, debido a circunstancias sobrevindas de forza maior.

Resultando que polo Xefe de servizo de contratación se informa que “*É de xeral coñecemento o posto de manifesto pola empresa adxudicataria nos seus escritos, da existencia dun desabastecemento de semicondutores e outros elementos, ademais de problemas coa loxística de transporte o que está a afectar gravemente á industria automobilista; provocando que non poidan cumprir as empresas cos seus compromisos de entregas de vehículos. Neste contexto non se ve culpabilidade no contratista ao realizar o encargo dos vehículos de forma dilixente, tan pronto coñeceron a adxudicación dos contratos baseados.*

*É un problema global, que non pode ser emendado coa chamada a novos provedores a través de novas licitacións; de feito, convocáronse nos últimos anos unhas cinco licitacións acudindo unicamente as empresas coas que se formalizou estes acordos marco.*



*De conformidade co establecido no PCA, os contratos baseados contaban cun prazo de duración de 2 anos, o cal non puido iniciarse porque non se cumpriu co elemento definidor do inicio do prazo de duración contrato, que se establece coa entrega do vehículo e o elemento formal da firma do acto de entrega.*

*Por todo isto, considérase adecuado conceder unha prórroga de entrega dos vehículos dos seguintes contratos baseados 2022042998; 2022043188; 2022043197; e 2022043148 ata a formalización da acta de entrega.*

*Para non prexudicar o funcionamento normal dos servizos propónse que se autorice a utilización dos vehículos do acordo marco 2017003404, coas mesmas condicións, características e prezos, dos vehículos que se detallan na proposta de acordo”.*

Resultando que consta informe conxunto do Servizo, da Secretaría Xeral da Deputación e da Intervención informando favorablemente o expediente.CSV: 7MABMPUMIEE5FC6Z

Considerando que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”.

Considerando que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Conceder á empresa *Empresa Monforte, SAU. (CIF A-15.019.243)* unha prórroga do prazo de entrega dos vehículos adxudicados a través dos contratos derivados dos Lotes 1 e Lote 2 do Acordo Marco Expte.2021049376 ata o 31 de decembro de 2022. Os contratos derivados son os que se relacionan de seguido:

Expte. 2022042998 (Lote 1)

Centro xestor	Unidades	Tipo vehículo	Importe unitario adxudicación (sen IVE)	Importe mensual frota (sen IVE)
SAIM	4	Furgonetas 5 PAX	417,00 €	1.668,00 €
	1	Furgoneta 5 PAX Con Gancho Remolque	423,00 €	423,00 €

Expte. núm. 2022043148 (Lote 1)

Centro xestor	Unidades	Tipo vehículo	Importe unitario adxudicación (sen IVE)	Importe mensual frota (sen IVE)
PARQUE MOBIL	3	FURGONETAS 5 PAX	476,00 €	1.428,00 €

Expte. núm. 2022043197 (Lote 1)

Tipo de vehículo	Uds.	Período Alquiler	Prezo unitario mensual vehículo (sen IVE)	Prezo mensual frota (sen IVE)	Orzamento total contrato baseado (sen IVE)
Furgoneta 5 prazas + Sistema de xestión de frota con posicionamento GPS + Balizamento Individual tipo rotativo	12	01/07/2022 - 30/06/2024 (24 meses)	469,00 €	5.628,00 €	135.072,00 €
Furgoneta 5 prazas + Sistema de xestión de frota con posicionamento GPS + Balizamento Individual tipo rotativo (Automatica)	1	01/07/2022 - 30/06/2024 (24 meses)	469,00 €	469,00€	11.256,00€
Furgoneta 5 prazas + Sistema de xestión de frota con posicionamento GPS + Balizamento Individual tipo rotativo + Barra Led traseira + Balizamento retroreflectante	2	01/07/2022 - 30/06/2024 (24 meses)	453,00 €	906,00 €	21.744,00 €
Furgoneta 5 prazas + Sistema de xestión de frota con posicionamento GPS + Balizamento Individual tipo rotativo + Barra Led traseira + Balizamento retroreflectante	6	01/07/2022 - 30/06/2024 (24 meses)	479,00 €	2.874,00 €	68.976,00 €





Expte. 2022043188 (Lote 2)

Lote	Tipo vehículo	Unidades	Centro xestor	Importe unitario adxudicación (sen IVE)	Importe mensual frota (sen IVE)
2	FURGONETA DE 6 PRAZAS + CARGA	1	PARQUE MÓBIL	740,00 €	740,00 €
	FURGONETA DE LOGISTICA GRANDE 3 PRAZAS EN CABINA + CARGA	1		705,00€	705,00€

De conformidade coa cláusula 6 do prego de condicións económico-administrativas que rexe no presente Acordo Marco, formalizarase un acta de entrega no momento da entrega dos vehículos que fixará a data a partir da que se iniciará o cómputo do prazo de duración do contrato baseado.

17.32246.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO, MANTEMENTO CORRECTIVO E SOPORTE ESPECIALIZADO DA SOLUCIÓN DE CATALOGACIÓN E DIFUSIÓN DA QUE DISPÓN A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A EXPLOTACIÓN DO PATRIMONIO ARCHIVÍSTICO E BIBLIOGRÁFICO. (Expte. 2018057613)

Na sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de desenvolvemento evolutivo, mantemento correctivo e soporte especializado da solución de catalogación e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do Patrimonio Archivístico e Bibliográfico* á empresa Xercod Media Software, S.L. (NIF: B-70.220.124) polos seguintes prezos e valores ofertados:

a. Prezo ofertado para dúas anualidades:

Importe sen o IVE:	176.400,00 €
IVE (21 %):	37.044,00 €
Importe total ofertado:	213.444,00 €

b. Melloras na redución dos tempos de resolución de incidencias: A empresa licitadora oferta unha redución do 25% do tempo de resolución de cada unha das incidencias sinaladas no prego de prescricións técnicas.



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 13 de xaneiro de 2020 e o prazo de duración é de dous anos a partir da data que conste no documento de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas anuais.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2021, adoptou, entre outros o acordo de aprobación da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “*Servicio de desarrollo evolutivo, mantenimiento correctivo y soporte especializado de la solución de catalogación y difusión de la que dispone la Diputación de Pontevedra para la explotación del patrimonio archivístico y bibliográfico*”, subscrito coa empresa Xercod Media Software, S.L. (NIF: B-70.220.124), durante o período 13 de xaneiro de 2022 ata o 12 de xaneiro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 7 de outubro de 2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 13 de xaneiro de 2023 ata o 12 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obligatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 04 de outubro de 2022, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 27 de outubro do 2022, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 202200214047, polo importe de 106.722,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.9260.227.23, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 28 de outubro do 2022, que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por unha anualidade, desde o 13 de xaneiro de 2023 ao 12 de xaneiro de 2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 13 de xaneiro de 2023.”*



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato do servizo “*Servizo de desenvolvemento evolutivo, mantemento correctivo e soporte especializado da solución de catalogación e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do Patrimonio Arxivístico e Bibliográfico*” subscrito coa empresa Xercode Media Software, S.L. (NIF: B70220124), durante o período 13 de xaneiro de 2023 ata o 12 de xaneiro de 2024, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (106.722,00 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.9260.227.23.

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

18.32247.- AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN TOTAL DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 5206 ACCESO A LUNEDA (CONCELLO DE ARBO).” (Expte.2022015363)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de xullo de 2022 de novembro de 2021 acordou adxudicar á empresa *Construcciones Fecbi, S.L.* o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)*”, cun prazo de execución de TRES (3) MESES.

Resultando.- Que con data 12 de agosto de 2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra, o día 12/11/2022.

Resultando.- Que con data 24/10/2022 asinouse entre *Construcciones Fecbi, S.L.*, e a directora de obra Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, acta de paralización das obras. Recolle a acta que con motivo da climatoloxía adversa actual, no compatible co tipo de traballos que están pendentes de realizar (Sinalización Horizontal), é necesario proceder á suspensión das obras.



Resultando.- Que na acta recóllese que o importe de obra executado e de 255.601,49 €, sendo o porcentaxe de obra pendente de executar do 2,93%.

Resultando.- Que coa acta de paralización xuntase anexo no que se recolle a medición das unidades de obra executada.

Resultando.- Que con data 28/10/2022 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...*Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada polo director de obra, pode deducirse que as abundantes choivas que se están a producir nestas datas non e compatible cos traballos de sinalización horizontal pendentes de realizar.*

*En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, parece razoable paralizar a execución das obras ata que se dean as condicións meteorolóxicas adecuadas para executar os traballos pendentes. Para elo deberá formalizarse acta de reinicio das obras, quedando nese intre para finalizar o prazo de execución DEZANOVE (19) DÍAS...”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...*dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...*se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).* 2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Lameda (Concello de Arbo)*”, con efectos dende o 24/10/2022.



Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión total da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de inicio, quedando nese intre DEZANOVE (19) DÍAS, para finalizar a obra.

19.32248.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO 2021025921 CORRESPONDENTE AS OBRAS NA ZONA F - LOTE 6 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (Expte.2021025921)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona F - Lote6” á empresa *Construccions Obras e Viais, S.A.*

A Xunta de Goberno de data 9 de xullo de 2021, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA F- lote 6 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria” do polo importe 688.578,26 € IVE incluído.

Con data 11 de abril de 2022 a empresa *Construccions Obras e Viarias, Sa* presenta por rexistro (WEB2022021723) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato derivado da Zona F- Lote 6.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.



Polo servizo técnico de Infraestrutura emítese informe, con data 5 de outubro de 2022(CSV: 6NRQA9VD5R4C3EUO) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato derivado dun acordo marco, acordo que foi formalizado o día 04/05/2021 logo de que o día 20/01/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas. Neste acordo marco quedan os prezos fixados de forma invariable durante toda a súa vixencia (a cal é dun ano prorrogable ata catro) determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.  
O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº 153. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 153, coincidente neste caso coa proposta na solicitude, é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste de materiais siderúrxicos, materiais bituminosos, aluminio ou cobre, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, utilizando a fórmula 153. Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 153 cómprese dito requisito, obtendo un incremento do 8,88%. Xúntase revisión efectuada. En todo caso, o incremento é provisional suxeito ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*
- *O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar, resultando 52.478,78 € (sen IVE). Unha vez revisada a xustificación do solicitante, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula usada (nº 153) é a aceptada como se indicou anteriormente. Xúntanse os cálculos xustificativos corrixidos usando a fórmula nº 153 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 63.499,32 € con IVE. En todo caso, o importe é provisional suxeito ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*
- *A acta de recepción das obras formalizouse o día 4/03/2022. Non foi emitida certificación final das obras, sendo o prazo límite para tela aprobado de 3 meses segundo o art.243.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En consecuencia, o día 04/06/2022 determina a finalización do contrato derivado de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 11/04/2022.”*

Con data 28 de outubro, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 por importe de 63.499,32 € mediante ou documento de retención de crédito núm. 202200214854.



Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 28 de outubro, informa favorable á proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos de 63.499,32 € coas seguintes observacións:

*“A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.*

*Como consecuencia da aplicación dun índice provisional (xaneiro 2022) este importe debe revisarse e corrixiarse, á alza ou á baixa, na liquidación do contrato por aplicación do índice oficial definitivo correspondente ao mes de xaneiro.”*

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do “*Contrato derivado de obras na ZONA F- Lote 6, do Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, adxudicado á empresa *Construções Obras E Vias, S.A.* (A36008886), aplicando a fórmula nº 153



recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 63.499,32€, IVE incluído.

2.-Autorizar o gasto, recoñecemento da obriga e o pago da revisión excepcional de prezos a favor da empresa *Construções Obras e Vias, S.A.*(A36008886) por importe 63.499,32 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 (RC nº202200214854) do vixente Orzamento Provincial.

20.32249.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE AO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO PRACTICUM DEPO 2021 4ª MOBILIDADE (Expte. 2021060768)

O 25 de marzo de 2021 publicouse a convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11 aprobada pola Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), ao abeiro do Regulamento (UE) N° 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de data 20 de maio do 2021, pola que se establece o programa “ERASMUS+”, programa de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea.

O día 14/05/2021 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto denominado “PRACTICUM DEPO 2021” (ID do formulario: KA121-VET-0706FEE4) dentro da acción clave 1 (KA1) “Movilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes graduados de Formación Profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral, a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Nº participantes: 90 estudantes graduados de Formación profesional de ciclos medios pertencentes a distintas familias profesionais, 9 docentes dos centros participantes, correspondentes a persoal para a formación e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 30 de novembro de 2022) con posible ampliación a 24 meses mediante solicitude aos 12 meses. Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de varios períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal e Romanía.

Non obstante o anterior, as persoas beneficiarias poderán realizar a mobilidade nun dos países do programa Erasmus+ distinto aos contemplados no ámbito de actuación do proxecto. Isto inclúe países pertencentes á Unión Europea (Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, República Checa, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Francia,





Hungría, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Polonia, Romanía e Suecia) así como países non pertencentes á mesma (República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía e Serbia, entre outros).

A *Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu resolución de data 21 de outubro de 2021 pola que se publican os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de Proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2021, concedendo unha axuda para a realización do proxecto “PRACTICUM DEPO 2021” por importe de 911.037,00 €.

Trátase dun proxecto plurianual (2021-2023) e para a anualidade 2021 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 24 meses (dende o 1 de setembro de 2021 ata ao 31 de agosto de 2023)

Con data 20/12/2021, a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidos.

De acordo co previsto na memoria do proxecto en cada un dos Centros de Formación Profesional constituíuse un Comité de Mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas.

Á súa vez, a Deputación creou o comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas á mobilidade do PRACTICUM DEPO 2021, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.

Partindo das propostas, dos Centros de Formación Profesional e do Comité de mobilidade da Deputación, os alumnos distribuíranse en varias quendas:

- O primeiro grupo comprende un total de 31 alumnos que iniciaron a mobilidade en marzo do 2022 con destino Italia, Portugal, Malta, Irlanda e Países Baixos.
- O segundo grupo comprende un total de 10 alumnos que iniciaron a mobilidade en xullo do 2022 con destino Italia, Portugal e Francia.
- A terceira mobilidade está formada por 1 docente que iniciou a mobilidade en setembro de 2022 con destino Italia.
- A cuarta mobilidade está formada por 25 alumnos que iniciarán a mobilidade en novembro de 2022 con destino Francia, Irlanda, Italia, Portugal e República Checa.
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en xaneiro de 2023.



A duración total das prácticas no país estranxeiro non poderá superar 365 días. Se durante este período se cumpren 12 meses a contar dende a finalización dos estudos, nese caso daranse por concluídas en tal data. O importe das bolsas vén determinado polo país de destino e os días de estancia, calculados en cada caso segundo a táboa de módulos do SEPIE.

A axuda financeira farase efectiva previa aceptación por parte do interesado das cantidades asignadas en concepto de axuda individual e axuda de viaxe co compromiso de cumprir cos obxectivos do programa e destinalos aos fins que se determinan mediante a sinatura do convenio de subvención.

O cálculo da axuda está en función do número de días e do país de destino, segundo vén establecido nas táboas de cálculo aprobadas regulamentariamente, polo que este cálculo podería verse modificado no suposto de que se produza unha variación no número de días.

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 90% del importe especificado en la cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

Con data 26 de outubro de 2022 emitíuse informe – proposta para a adxudicación de bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Practicum Depo 2021 (4ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace da Deputada Delegada.

Con data 28 de outubro de 2022 Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (4ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 220.039,00€ que se aboará con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2427.481.01 2021 e 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003\_PRACTICUM DEPO 2021.



## NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2021 do programa ERASMUS+ (EAC/A01/2021, Diario Oficial da Unión Europea 2021/C103/11), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento para o ano 2022.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de Execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, propónse que se acorde a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (4ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 4ª mobilidade, solicitouse informe de fiscalización para a concesión das bolsas de mobilidade pola contía de 220.039,00€ que se aboará con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2427.481.01 2021 e 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003\_PRACTICUM DEPO 2021.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.

Considerando o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto PRACTICUM DEPO 2021 (4ª mobilidade) nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe). Para esta 4ª mobilidade con destino Francia, Irlanda, Italia, Portugal e República Checa a contía ascende a 220.039,00€ que se aboará con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/240.2427.481.01 2021 e 22/240.2427.481.01 do proxecto de gasto 2100003\_PRACTICUM DEPO 2021 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local

2.- Notificar este acordo ás partes interesadas.



Dito anexo é como segue:

ANEXO

Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Total días	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	90% (axuda individual + axuda de viaxe)	10% (axuda individual + axuda de viaxe)
Henrique Pena Abuín	Xoiería	Diseño Atlántico	Francia	30/11/2022	29/06/2023	214	8.798,00	275,00	9.073,00	8.165,70	907,30
Marta Portela Costas	Xoiería	Diseño Atlántico	Portugal	30/11/2022	26/05/2023	180	7.438,00	180,00	7.618,00	6.856,20	761,80
Xermán Castro Alonso	Xoiería	Diseño Atlántico	Portugal	30/11/2022	31/05/2023	185	7.638,00	180,00	7.818,00	7.036,20	781,80
Julia Souto Domínguez	Xoiería	Diseño Atlántico	Portugal	30/11/2022	26/05/2023	180	7.438,00	180,00	7.618,00	6.856,20	761,80
María Fernández Vieira	Xoiería	Diseño Atlántico	Francia	30/11/2022	29/06/2023	214	8.798,00	275,00	9.073,00	8.165,70	907,30
Jennifer Carolina Varela Pereira	Xoiería	Diseño Atlántico	Francia	30/11/2022	29/06/2023	214	8.798,00	275,00	9.073,00	8.165,70	907,30
Hooman Taghavi	Xoiería	Diseño Atlántico	Francia	30/11/2022	29/06/2023	214	8.798,00	275,00	9.073,00	8.165,70	907,30
Alejandra Campos Barrientos	Xoiería	Diseño Atlántico	Francia	30/11/2022	29/06/2023	214	8.798,00	275,00	9.073,00	8.165,70	907,30
Gabriella Amador Flores	Xoiería	Diseño Atlántico	Francia	30/11/2022	29/06/2023	214	8.798,00	275,00	9.073,00	8.165,70	907,30
Daniel Gómez Vidal	Video Dj	IES Audivisual de Vigo	Italia	30/11/2022	20/06/2023	205	8.438,00	275,00	8.713,00	7.841,70	871,30
Adrián García Mariñas	Mecanizado	IES A Paralaia	R. Checa	30/11/2022	22/06/2023	207	7.234,00	360,00	7.594,00	6.834,60	759,40
Mario Herbelo Campos	Mecanizado	IES A Paralaia	R. Checa	30/11/2022	22/06/2023	207	7.234,00	360,00	7.594,00	6.834,60	759,40
Laura Figueroa Fernández	Farmacia e parafarmacia	IES Montecelo	Italia	30/11/2022	13/06/2023	198	8.158,00	275,00	8.433,00	7.589,70	843,30
Carla Rojas Gesteira	Farmacia e parafarmacia	IES Montecelo	Italia	30/11/2022	13/06/2023	198	8.158,00	275,00	8.433,00	7.589,70	843,30
Breixo Vilas Fernández	Actividades comerciais	IES Luis Seoane	Irlanda	30/11/2022	31/05/2023	185	8.790,00	275,00	9.065,00	8.158,50	906,50
Noelia Táboas Rodríguez	Actividades comerciais	IES A Guía	Italia	30/11/2022	24/06/2023	209	8.598,00	275,00	8.873,00	7.985,70	887,30
Ian Ruanova Veiga	Comercialización de produtos alimentarios	IES A Guía	Italia	30/11/2022	30/08/2023	276	11.278,00	360,00	11.638,00	10.474,20	1.163,80
Mª del Rosario López Rodal	Actividades comerciais	IES Chan do Monte	Portugal	30/11/2022	27/03/2023	120	5.038,00	180,00	5.218,00	4.696,20	521,80
Eloy Fernández Fernández	Electromecánica de vehículos	IES Vilalonga	Italia	30/11/2022	23/06/2023	208	8.558,00	275,00	8.833,00	7.949,70	883,30
Iván Rea Faro	Gestión administrativa	IES Vilalonga	Italia	30/11/2022	27/06/2023	212	8.718,00	275,00	8.993,00	8.093,70	899,30
Lucrecia Balagué Blanco	laboratorio	IES A Xunqueira I	Italia	30/11/2022	27/06/2023	212	8.718,00	275,00	8.993,00	8.093,70	899,30
Laura Alonso Fernández	Cultivos acuícolas	IGAFA	Portugal	30/11/2022	19/06/2023	204	8.398,00	180,00	8.578,00	7.720,20	857,80
Joel Barreiro Abal	Cultivos acuícolas	IGAFA	Portugal	30/11/2022	19/06/2023	204	8.398,00	180,00	8.578,00	7.720,20	857,80
Begoña Rial González	Coidados auxiliares de enfermería	IES Ricardo Mella	Portugal	30/11/2022	30/08/2023	276	11.278,00	180,00	11.458,00	10.312,20	1.145,80
Martín López Pérez	Coidados auxiliares de enfermería	IES Ricardo Mella	Italia	30/11/2022	30/08/2023	276	11.278,00	275,00	11.553,00	10.397,70	1.155,30
									220.039,00€		



21.32250.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN PARA AMPLIAR O PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “DA TÚA MAN” FINANCIADO NUN 70% POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2021 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CURTAS DE COMERCIALIZACIÓN (ORDE ICT/949/2021, DE 10 DE SETEMBRO) NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte. 2021048098)

O 7 de febreiro de 2022 a *Dirección General de Política Comercial del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo* notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” dentro da Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro, do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axuda para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtos de comercialización e se procede a súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022 adoptou, entre outros, o acordo (nº 27.31553) de aprobación do citado proxecto.

O 12 de abril de 2022 a *Dirección General de Política Comercial del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo* notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Da Túa Man” cun orzamento financiable por un importe de 1.066.085,00 € e 746.259,50 euros de subvención, sendo a distribución das aportacións a seguinte:

Distribución da aportación	Orzamento
Achega Ministerio	746.259,50
Achega Deputación de Pontevedra (15% orzamento financiable+IVE)	383.790,60
Achega Concellos (15% orzamento financiable)	159.912,75
TOTAL	1.289.962,85

Con data 30 de xuño de 2022 a *Dirección General de Política Comercial del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo* comunica a esta institución da publicación no B.O.E. o pasado 26 de xuño de 2022, do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraia, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa de La Palma. A Disposición adicional terceira relativa á ampliación de prazos de execución de proxectos das liñas de axuda a mercados da Secretaría de Estado de Comercio, establece respecto á Orde citada que “(...) se podrán modificar las resoluciones de concesión de subvenciones para ampliar los plazos de ejecución de la actividad subvencionada y, en su caso, de justificación y comprobación de dicha ejecución.”



Por outro lado, o artigo 37 da citada Orde establece que *“Las inversiones y gastos financiados previstos deberán realizarse en el plazo comprendido entre el 1 de enero de 2021 y el 31 de diciembre de 2022.”*

En consecuencia, tendo en conta o estado actual das licitacións realizadas no marco do proxecto procede solicitar ao órgano competente a ampliación do prazo do proxecto que se xustifica en base ao artigo 20.2.a) da citada Orde e a Disposición adicional terceira do Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño.

Visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local de data 26 de outubro de 2022 no que conclúe que *“Teniendo en cuenta el estado actual de las licitaciones realizadas en el marco del proyecto procede solicitar al órgano competente la ampliación de los plazos del proyecto cuya memoria justificativa se adjunta en el expediente.”*

Vista a dilixencia de conformidade de Intervención de data 31 de outubro de 2022 en relación ao citado informe-proposta do xefe de servizo.

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade presentar, ante o *Ministerio de Industria Comercio y Turismo*, a solicitude de modificación da resolución de concesión para ampliar o prazo de execución das actuacións ata o 30 de setembro de 2023 do proxecto “Da túa man” aprobado na convocatoria de 2021 da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro), de acordo á memoria xustificativa con Código Seguro de Verificación (CSV K95VBKV890JAE7LB).

## 22.32251.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022065337, que contén 11 facturas e por un importe de 12.553,33 € e con CSV: UP10HUX8MCNCY18V, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 26 de outubro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	12.553,33 €
Descontos do IRPF .....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	12.553,33 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



23.32252.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL DE RANDE “VIII XORNADA DEPORTIVA E CULTURAL KAIK”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022 (Expte.2022025661)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *Asociación Deportiva y Cultural Rande* con NIF: G36432896, do *Concello de Redondela*, por un importe de 445,67 €, para a “VIII Xornada Deportiva E Cultural Kaiak” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022054893 con data 24/10/2022 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se celebrou, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

24.32253.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CLUB MONTAÑA XISTRA “ANDAINA VIGO 25 KM – COPA GALEGA DE ANDAINAS”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022 (Expte. 2022025290)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor do *Club Montaña Xistra* con NIF: G36743540, do *Concello de Vigo*, por un importe de 509,11 €, para a “*Andaina Vigo 25 Km – Copa Galega de Andainas*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022054176 con data 18/10/2022 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se celebrou, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

25.32254.- DAR CONTA E ACEPTAR AS RENUNCIAS PRESENTADAS POR DISTINTAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “CONNECTADAS 2022” (Expte. 2021063052)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, convocou o programa Conectadas 2022, co fin potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.



A Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 24 de xaneiro de 2022 aprobou as bases reguladoras do programa “Conectadas 2022”, aparecendo publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número nº 19 de 28 de xaneiro 2022. Nestas bases figura que as entidades beneficiarias do programa son as asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoiem o seu desenvolvemento e actuación, o empoderamento das mulleres, ao igual que o seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 10 de xuño de 2022 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 188 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa Conectadas 2022.

Resultando que durante o período de execución do Programa un total de 6 entidades presentan renuncia á acción formativa concedida dentro do programa Conectadas 2022, por diversos motivos entre os que destacan o non reunir o número mínimo de persoas participantes ou carecer de local para a impartición dos obradoiros.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa Conectadas para o exercicio 2022 é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décimo terceira do programa, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade quedar enterada das renuncias presentadas polas seguintes entidades:

Nº	Nº de Exp.	CONCELLO	ASOCIACIÓN	CIF
1	2022010620	Meaño	Asoc. De Mulleres Rurais e consumidoras O Corazón do Salnés	G36186096
2	2022008061	Vilagarcía de Arousa	Asoc. de Vecinos Agustín Romero	G36135754
3	2022006376	Vilagarcía de Arousa	Círculo Artístico Deportivo Gato Negro	G36026151
4	2022009286	A Estrada	Asoc. Igualdade e Mulleres de A Estrada	G01779511
5	2022008798	Lalín	Asoc. Mulleres de Filgueira	G94179652
6	2022009856	Vigo	Fundación Formavigo	G27753367





26.32255.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

27.32256.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

